

EMPRESA

A campaña
“Este Nadal
toca en Melide”
repartirá 6.000
euros P10

COMARCA

A Banda de
Visantoña volve
aos ensaios tras
máis dun ano
parada P18

CULTURA

O Melide máis
literario acolle
a presentación
de dous novos
libros P24

ENTREVISTA



**Ma Fé
Sánchez,
Lencería
Berencello**

“Cada vez máis,
a xente quere ir
ben vestida por
dentro” P31

Máis dun milleiro de persoas aplaude a moda melidense

Vinte e tres comercios de Melide participaron na primeira edición da pasarela local de tendencias organizada por Asetem; “Melide Moda”. Máis de mil persoas achegáronse ata o Pazo de Congressos, que rexistrou un cheo absoluto, para coñecer as últimas propostas das tendas melidenses de cara á tempada outono-inverno. Roupas, calzado, complementos, lencería, noivas, xoiería, mascotas, perruquería e flores completaron unha oferta atractiva e variada. P3



Os bares serven 4000 tapas feitas con setas e castañas




A segunda edición da ruta “Tapas de Outono”, organizada por Asetem-Cca, pecha con balance positivo de asistencia e record de participación de locais. P8

Homenaxe a Os Garceiras na XXII Semana da Música



A mellor representación da música popular e tradicional volveu darse cita en Melide para participar no evento organizado pola Coral Polifónica da vila. P22



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- EDIFICACIONES Y CONSTRUCCIONES REALIZADAS SIN LICENCIA
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfn. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: inglac@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

20 - N, e agora que?

O pasado 20 de novembro celebráronse eleccións para elixir ao novo presidente do goberno. Os cidadáns decidiron outorgar unha vitoria rotunda ao PP, a maior da súa historia en porcentaxe de votos e número de deputados. As urnas deixaron un novo e diferente escenario político cunha maioría absoluta e unha oposición máis plural pero notablemente minguada e dividida. Despexado o reparto de forzas, ábrese agora unha serie de interrogantes sobre o que vai acontecer no futuro, un futuro que, indubidablemente, estará condicionado pola crise económica.

A primeira lección aprendida nestes días, e quizais a única de momento, é que as siglas e as caras non resolven problemas. Materializado o cambio, a prima de risco seguiu subindo e a bolsa baixando ata case acadar mínimos históricos. A melloría semella ser, pois, unha cuestión de proxectos e de políticas.

A difícil situación económica que atravesamos obrigará a tomar decisións duras para as que un goberno responsable debería buscar o apoio social e non só o dos deputados na cámara alta. As maiorías absolutas poden ser interpretadas como un cheque en branco ou un aval para actuar ao libre antollo durante catro anos. Nada máis lonxe da realidade. Nese sentido, e xa que sería impensable saírmos da crise sen o sacrificio de todos os cidadáns, o diálogo social ten que ser un factor clave en cada unha das deci-



sións que se tomen.

Aínda cun goberno en funcións e o traspaso de poderes a medio facer, comezan a tomar posicións os axentes implicados na que será a primeira gran medida anticrise. A primeira proba de lume. A nova reforma laboral. Será bo momento para buscar solucións sen que haxa vencedores nin vencidos, para atopar un punto intermedio entre dereitos e sacrificios, entre patronal e traballadores. Comezar cun traspés, retrasar a aprobación de medidas ou chegar á crispación social sería un lastre para iso que dan en chamar confianza; tamén a que ten un país en si mesmo para saír do burato.

A crise cambiou xa seis gobernos europeos: Reino Unido, Holanda, Irlanda, Portugal e Dinamarca. Os presidentes de Grecia e Italia foron relevados antes da fin do seu mandato e substituí-

dos por dous homes cualificados como “tecnócratas”, que non por ter tan inmaculado nome están exentos de ideoloxía. En ámbolos dous casos, a súa carreira profesional estivo vinculada a grandes poderes económicos. Son, a día de hoxe, presidentes que o pobo NON elixiu. Aí reside a grande diferenza de España: o noso será un goberno lexitimamente escollido polos cidadáns. Por iso, e para non caer no mesmo mal ca Grecia e Italia pero con diferente nome, o novo executivo debe evitar someterse aos designios dos mercados, eses descoñecidos de fame voraz que piden acelerar os prazos da toma de posesión e formación do equipo de goberno. Cómpre recordar de novo que este executivo non foi elixido polos mercados, senón polos cidadáns, e para os cidadáns ten que gobernar.

Tribuna de opinión

Apostas de futuro

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Vimos de rematar un mes especialmente dinámico na actividade cultural e social de Melide. En novembro celebrouse a ruta “Tapas de Outono”, a primeira pasarela “Melide Moda” e a Semana da Música. Houbo tamén magostos, estrea de obra de teatro e a actividade propia dunha campaña electoral.

En Asetem-Cca compartimos a idea de que un pobo dinámico é un pobo vivo e todos os nosos esforzos van enfocados nesa dirección: unir forzas para dinamizar, dinamizar para medrar.

Unha das últimas iniciativas postas en marcha por esta asociación foi a pasarela “Melide Moda”, celebrada con éxito e da que agardamos que haxa máis edicións. Á marxe dos efectos e da repercusión inmediata que poida ter na vila, a intención é lanzar esa mensaxe de dina-

misimo, de potencialidade e de forza cunha intención de futuro. Non pensemos que serán as propostas individuais as que atraian aos clientes, senón a imaxe que proxectamos dun comercio variado, moderno e con moito que ofrecer. É un éxito colectivo que se traduce na tantas veces escoitada frase “vou mercar a Melide, que alí hai de todo”.

Do mesmo xeito, non é tan transcendente quen resulte gañador do concurso “Tapas de outono” como o feito de proxectar a imaxe dunha hostalería forte, que coida o cliente e que non se queda ancorada no pasado.

É por isto que Asetem-Cca dá as grazas e anima a todos os establecementos e melidenses en xeral a seguir colaborando como ata agora fixeron neste tipo de iniciativas. Camiñando xuntos iremos sempre cara adiante.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	12
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	22
-DEPORTES.....	26
-COLABORACIÓNS.....	30
-ENTREVISTA.....	31

O gran evento do pequeno comercio

A pasarela local “Melide Moda” congrega 1.000 persoas na súa primeira edición

O Pazo de Exposicións e Congresos de Melide rexistrou un cheo absoluto o pasado sábado 5 de novembro en coincidencia coa celebración de “Melide Moda”. Máis dun milleiro de persoas asistiron á primeira edición da pasarela local de tendencias na que un total de 23 comercios da vila exhibiron as súas propostas para a tempada outono - inverno. A Asociación de Empresarios da Terra de Melide (ASETEM), entidade organizadora, amosa a súa satisfacción ante o éxito acadado polo evento e dá por cumprido o dobre obxectivo de promover a valía do comercio local e lanzar unha mensaxe de optimismo ao tecido empresarial en tempos de crise.

A pasarela melidense amosou no transcurso de dúas horas as últimas tendencias de moda en 9 sectores diferentes: roupa, calzado, complementos, lencería, noivas, xoiería, mascotas, perruquería e flores. O desfile comezou pasadas ás 8 da tarde cunha das propostas máis innovadoras: a moda de roupa para mascotas do Centro Veterinario Chelo Crespo, que levou sobre a pasarela a varios cans de diferentes razas. Axiña se pasou ás xoias de Oro Ley e aos complementos de Cousas Novas, Muxica e Perfumería Lyss. O Pazo de Congresos inundouse de

cor con paraugas, gorros, bolsos, xoguete e incluso bicicletas que puxo sobre o escenario Leiva Motosport.

Non tardaron moito en comezar a desfilir sobre a pasarela, coas propostas de Zapatería Tanuska e Calzados Broz, os preto de 30 rapaces e rapazas de Melide de entre tres e once anos que previamente foran seleccionados nun casting e conseguiron arrincar os aplausos máis sonoros. A sultura propia de profesionais coa que amosaron o calzado non foi menos á hora de desfilir coas prendas da Casa das Luces.

Avanzada a gala, chegaron os pases de roupa e calzado para adultos. As propostas de lencería de Marvi e Berencello crearon unha alta expectación. Foron tamén moi seguidas as propostas máis informais de El Baúl de La Piquer, M & M e H2O. Para os homes foi de especial interese o desfile de Alfonso Modas. Pensando nas ocasións especiais, Q´me Compro e El Dándolo incluíron entre as súas propostas traxes de festa. Era un adianto para o broche final do desfile; a moda para noivas, da tenda Silvia Novias, que incluíu un vestido da prestixiosa deseñadora galega Silvia Cupeiro.

Os diferentes pases foron introducidos e comentados polos condutores da gala; Sonia López, presentadora da TVG, e Paco Nieto, profesional do mundo da radio. Todas as propostas foron defendidas sobre a pasarela por modelos profesionais (agás no caso da moda infantil) entre os que se encontraban algúns mister e miss provinciais.

Todos eles foron peiteados e

maquillados por tres perruquerías da vila que participaron na gala creando os looks máis actuais: Toño Peluqueros, Skala Peluquería e Santín e Amo Perruqueiros. Do mesmo xeito, dúas floristerías locais, Maru e Tarrío, encargáronse da decoración floral.

A Primeira Pasarela de Moda de Melide contou ademais coa actuación de Cardigan Bridge, nome artístico de Rebeca Ponte, unha cantautora veciña da vila que confesou sentirse en Melide “coma na casa” e que avanzou algúns dos temas que incluírá no seu segundo traballo discográfico.

O evento organizado por Asetem contou coa colaboración da Consellería de Industria, a Dirección Xeral de Comercio e o Concello de Melide. A pasarela contou coa presenza da Delegada Territorial da Xunta na Coruña, Belén Docampo; a Xefa Territorial da Consellería de Economía e Industria, Tristana Moraleja; a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez; o presidente da Federación de Autónomos de Galicia, Javier Pérez Bello, e a presidenta de Asetem, Sonia Valiño.

O evento en cifras

“Melide Moda” tivo un orzamento de 19.870 euros, dos que a Dirección Xeral de Comercio subvencionou o 70%. O 30% restante foi cuberto por Asetem. Das aportacións anuais que fai a Dirección Xeral de Comercio, o 70% dedícase á dinamización comercial, que abarca todas as campañas que desenvolve a asociación ao longo do ano. O resto emprégase para os gastos de xerencia.

A pasarela en imaxes

O
e
s
c
e
n
a
r
i
o



O
p
ú
b
l
i
c
o



A
u
t
o
r
i
d
a
d
e
s



No backstage



Os presentadores



Modelos profesionais



M
E
L
I
D
E



El Baúl de La Piquer

M
O
D
A



Xoieria Ono Ley

2
0
1
1



Casa das Luces



Lenceria Berencello



Zue me Compro



Perfumeria Lyss



Alfonso Modas



Muxica



M & M Moda



Marvi



Silvia Novias



El Dándolo



Calzados Broz



#2o



Zapateria Tanuska



Centro veterinario Chelo Crespo

Cardigan Bridge: “En Melide sempre tiven moito apoio”

Naceu na Coruña pero o seu corazón é melidao dende que hai cinco anos se trasladou a vivir ao cerne de Galicia. Cardigan Bridge defínese como unha artista multidisciplinar á que sorprendeu o éxito do seu primeiro disco, “On the windowsill”, composto e producido por ela mesma. Cando baixa do escenario é Rebeca Ponte, unha muller que goza da vida no rural, a fonte de inspiración e tranquilidade que necesita. Chegou, actuou e convenceu en Melide Moda, un evento que a conseguiu emocionar como veciña e como artista.

-Que significou para ti tocar en Melide Moda?

Foi moi especial, por dous motivos: o primeiro porque nunca fixera unha actuación ante tantas persoas en Melide, unha terra na que sempre tiven moito apoio. O segundo, porque foi a primeira pasarela de moda que se fixo na vila. Iso quere dicir que aínda en plena crise económica o noso pobo está loitando polo futuro. Eu son muller dun empresario de Melide e sei que as cousas están difíciles, pero é admirable que haxa ilusión e sacrificio por saír adiante. A xente aquí é moi traballadora.

-O mundo da moda está moi presente na túa carreira artística.

Si. Son a boneca de trapo de varias deseñadoras. Inspí-

ranse na miña música e vanme creando traxes e roupa. A miña nai era mestra de corte e confección e sempre tiven respecto pola xente que deseña e cose. É un emprego máxico, moi creativo. É a arte que podes levar pola rúa.

-Coñecemos agora a túa faceta de cantante pero Cardigan Bridge é moito máis ca iso...

Pódese dicir que son unha artista multidisciplinar. Eu estudei artes plásticas e fago os meus traballos de instalación de arte en museos, con fotografías, poesía, pintura... pero a música sempre formou parte destas instalacións artísticas. O tema de sacar o disco xurdiu por casualidade hai un ano e medio porque un amigo meu abriu un estudio. Non tiña

grandes pretensións pero todo comezou a medrar coma unha bóla de neve. Empezáronme a chamar de sitios para tocar e todo colleu esta dimensión. Estou moi contenta pero non abandono nada do que facía.

-Esperabas que o primeiro disco, “On the windowsill”, funcionase tan ben?

Non, a verdade. Fixemos 1.000 copias e vendéronse todas, concerto a concerto, nas 70 actuacións que tiven, sen un patrocinador nin unha discográfica detrás. En novembro empecei a gravar o segundo disco. Os temas que toquei en Melide Moda van incluídos nel e tamén algúns que fun probando nos directos nestes últimos seis meses.

-É difícil ser artista vi-



Cardigan Bridge durante a súa actuación en Melide Moda

vido nunha vila pequena coma Melide?

Eu descartei dende o principio marchar a Madrid ou Barcelona porque tampouco buscaba o éxito que tivo o disco. Buscaba disfrutar, e facer un par de concertos. Hai 15 anos si que tería que marchar a unha gran cidade pero agora podes vivir no Polo Norte, que se tes wifi e funciona, estás conectado co mundo.

-Que nos conta Cardigan Bridge nas súas cancións?


Conto historias musicalizadas, poesía. Falo moito da miña relación coa natureza. É un pouco o reflexo da miña vida en Melide, porque vivo nunha aldea e entón estou nun continuo contacto cos cambios de estación, coas veciñas, coas persoas que viven directamente vinculadas á terra e cos animais.

EDIFICACIONES Y CONSTRUCCIONES REALIZADAS SIN LICENCIA

Con motivo de la publicación en el Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de Marzo del 2010 y 11 de Mayo del 2011) en relación a aquellas **edificaciones y construcciones realizadas sin licencia**, se ha abierto un plazo para solicitar la declaración municipal de incursión en la situación legal de fuera de ordenación total.

Se podrán acoger a esta Ley todas aquellas edificaciones y construcciones tales como **viviendas, edificaciones agrarias** (establos, almacenes, garajes, galpones, etc.), industrias, etc., que fueron terminadas antes del 1 de Enero del 2003, para que se puedan incorporar al patrimonio del titular.

Se informa a todas aquellas personas interesadas que para la tramitación del expediente técnico pueden ponerse en contacto en nuestra **OFICINA TÉCNICA** situada en Melide.



OFICINA TÉCNICA - Javier López López

N.I.F.: 78.787.034 - M

Rúa Xosé Ramón Fdez. Castro, 14 - Bajo

15.800 - Melide (A Coruña)

Telf. y Fax: 981 50 54 82 - Telf. Móvil: 639 82 00 24

Correo electrónico: ingtec@teletel.es

Preto de 4.000 persoas participaron na II Ruta “Outono de Tapas” organizada por Asetem- Cca

Presentáronse a concurso 19 locais, 8 máis ca o ano anterior

A segunda edición da ruta “Outono de Tapas” celebrada en Melide no mes de novembro pechou cun balance positivo de asistencia e récord na participación de locais.

Case 4.000 persoas outorgaron o seu voto ás tapas participantes, o que dá idea do número de clientes que se achegaron ata os establecementos melidanos. Os hostaleiros destacan que a actividade serviu para que acudisen aos seus locais persoas que non son clientes habituais. En palabras de Sonia Valiño, presidenta de Asetem-cca, “iso é algo moi positivo, porque se está dando a coñecer a oferta de Melide a persoas que ata agora a descoñecían”. Valiño tamén destacou como outro dos aspectos positivos “que se

reparte moito máis a clientela. A xente leva a guía de todas as tapas en concurso e busca os bares. Os establecementos que non están tan céntricos notan moito máis o incremento da afluencia”.

A ruta das tapas estase a consolidar entre a hostalería de Melide e mostra diso é que na presente edición participaron 19 establecementos, 8 máis ca o ano anterior.

Os premiados

O nivel das tapas en concurso é cada vez maior e iso tivo o seu reflexo nas cualificacións outorgadas polos clientes, que non o tiveron nada doado nesta edición. O resultado das votacións foi moi apretado nos postos de cabeza. Finalmente o premio para a mellor tapa foi para “Esencia de outono en nórdico de castaña”, do Restaurante Novo Continente, con 479 puntos. Na categoría de tapa innovadora resultou gañador o “Kitsch de setas e xamón” de Casa Quinzán. Obtivo 467 puntos.



Pedro Coego, de Novo Continente, e Sonia Valiño



Sebastián Becerra, de Casa Quinzán, e Sonia Valiño

Esencia de outono en nórdico de castaña



Brocheta de setas, xamón, gambas e tomate á prancha con bechamel feito a base de fariña, leite e noz moscada, mesturado con crema de castaña.

Kitsch de setas e xamón



Tapa elaborada sobre unha base de masa quebrada que se mete ao forno unha vez rechea de setas de monte, xamón, pexil, tomate e alfábrega.

Fin de semana de balneario para un melidao

O venres 18 de novembro realizouse na sede de Asetem o sorteo do premio destinado ao público que participou na ruta e emitiu o seu voto: unha fin de semana no Hotel Balneario Río Pambre, en Palas de Rei. O gañador, elixido polo sistema de man inocente entre os case 4.000 cartóns de votación, resultou ser José Ramón Monterroso, de Melide. Depositara o seu voto no bar O Cantón. Fíxolle entrega do premio o xerente do Balneario, Ángel García Rey.



José Ramón Monterroso e Ángel García Rey

Os hostaleiros participan na gravación dun documental

As cámaras de televisión cóaronse nas cociñas dos restaurantes melidenses para amosar a toda Galicia o bo facer da gastronomía local coas setas as setas e as castañas. Os restaurantes Alongos e Novo Continente, ambos os dous inscritos na última Ruta de Tapas que organizou Asetem, foron seleccionados para participar nun programa para a TVG. Trátase dun documental de 52 minutos, elaborado

pola produtora compostelá Danga-Danga, que fala do potencial da castaña. O traballo aborda a vertente tradicional deste froito seco e tamén a máis innovadora, como a elaboración do marrón glacé ou a nova cociña. É aí onde Restaurante Alongos e Novo Continente aportaron a súa experiencia e prepararon ante as cámaras os pratos cos que participaron na última edición de Tapas de Outono.



As cámaras gravando no restaurante Novo Continente

Asetem reparte entradas para FEMAGA 2011

Os vindeiros días 3, 4, 5, 6, 7 e 8 de decembro celebrárase na Coruña a XVIII edición da Feira de Mostras dos Autónomos de Galicia (FEMAGA 2011). A Asociación de Empresarios da Terra de Melide reparte invitacións de xeito gratuito para asistir ao evento. As persoas interesadas poden pasar a recollerlas nas oficinas de Asetem da Rúa Lino Sexto



Sánchez nº 9 en horario de 8:30 a 14:00 da mañá. Sen invitación, os asistentes deberán pagar 5 euros na entrada para poder acceder ao recinto.

FEMAGA 2011 celebrárase

en Expocoruña coa participación de stands de diferentes sectores: telecomunicacións e informática, decoración, floristería, seguros, construción, alimentación, hostalería, artesanía e automoción. Tamén haberá desfiles de moda, xornadas técnicas e actuacións musicais. A organización agarda superar os 80.000 visitantes da edición pasada.

ÓSCAR IGLESIAS TARRÍO, DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE “R” EN MELIDE

“A banda ancha chegará axiña a todas as aldeas”

Óscar Iglesias leva no mundo da telefonía móbil dende o ano 2007. A experiencia acumulada tralo mostrador das súas dúas tendas da Coruña e Culleredo fanlle afirmar con seguridade que a gran vantaxe da compañía R reside nos servizos que ofrece. Esa é a súa aposta para Hardgalicia, o local que acaba de abrir na Rúa do Convento coa esperanza de asentarse nun mercado que aínda está en cueiros.

-Por que apostastes por Melide para abrir unha tenda?

Propúxonolo R este verán. Asistimos a unhas xornadas e ensináronnos unhas proxecións sobre os concellos onde había servizo de R. Melide era o cuarto pola cola en penetración. Entón pensamos que se había algún sitio onde podiamos medrar, era Melide, porque aquí a conexión directa empezou hai só ano e medio. Ademais eu crieime en Villamor ata os cinco anos. Iso tamén inflúe. (Ri)

-Que ofrece Hardgalicia?

Venda, posvenda e reparación.

Á marxe dos servizos de R, tamén liberamos terminais e reparamos móbiles.

-O mundo das telecomunicacións é tan competitivo como parece?

Si. No noso caso tiñamos unha oferta pouco atractiva en conexión directa pero agora estamos competindo moi ben con Telefónica. Competimos no prezo, aínda que neste caso a liña é deles e pódono baixar máis ca o resto se queren. De todos os xeitos, onde mellor competimos é no servizo. A xente valora moito que R sexa unha empresa galega e que chames a atención ao cliente e



Óscar Iglesias e a súa muller, Sandra Márquez, na tenda de R

só esperes unha media de 45 segundos para ser atendido.

-Sen dúbida, o mercado evolucionou moito nos últimos anos...

No tema da telefonía móbil o mercado está cada vez máis

maduro. Cando empezou, arredor de 1995, ías a calquera lado, comprabas un bisté e regalábanche un móbil. Iso creou un precedente. A xente entra hoxe nas tendas e preguntache que lle regalas. En Europa, como xa levan

máis anos, o que está pasando é que a xente busca a mellor oferta en canto a prezo e servizo e danlle menos importancia ao móbil. Incluso pensan en compralo ou poñer parte do valor do teléfono. Prefiren pagar 200 ou 300 euros polo móbil e non estar sometido a unhas tarifas abusivas.

-Cara a onde avanzamos?

As tecnoloxías LTE ou 4G son a próxima revolución da telefonía móbil. Calquera aldea ou lugar perdido no mundo vai ter cobertura cunha banda ancha de verdade dentro de poucos anos. Agora realmente é imposible chegar nin con cable, nin con fibra nin incluso con cable telefónico a todas as aldeas. O futuro é ese, o LTE e o 4G. No 2011 o goberno adxudicou frecuencias de móbil. R conseguiu tres bandas de frecuencias que nos permitirán ofertar unha gran gama de servizos nos próximos anos.

hardgalicia

Soluciones pra empresas

- Telefonía fixa e móbil
- Centralitas
- Videovixilancia
- Voz IP

Expertos en telefonía móbil

- Liberacións
- Reparacións
- Accesorios
- Móviles libres

Oferta pra PYMES e Particulares

Sony Xperia ARC S

- Pantalla 4.3'
- Procesador 1,4 GHz
- Memoria 8 Gb
- Cámara 8.1 Mpx
- Android 2.3
- GPS

Oferta dispoñible pra altas con portabilidade e consumo de 29€/mes+IVE (300min 24h, 250Mb e 50SMS)

teléfono_internet_televisión

Ven a visitarnos

Rúa do Convento 4
15800 Melide
981 507 631

“Este Nadal toca en Melide” dará 6.000 euros en premios

A campaña desenvolverase entre os días 1 de decembro e 9 de xaneiro

Ante a chegada do tempo de Nadal, a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) pon en marcha un ano máis a campaña “Este Nadal Toca en Melide”, co obxectivo de estimular as compras na vila, promocionar o sector comercial e premiar a fidelidade do cliente.

A campaña dará comezo o día 1 de decembro e finalizará o 9 de xaneiro. Durante ese tempo, os clientes que se acheguen ata Melide para realizar as súas compras de Nadal recibirán rifas para participar no sorteo final, no que se reparti-

rán un total de 6.000 euros. Nesta edición entregaranse 22 premios, distribuídos do seguinte xeito: un premio gordo de 2.000 euros, un premio de 1.000 euros, dez premios de 200 euros e dez premios de 100 euros.

O sorteo celebrarase o 9 de xaneiro de 2012 ás 21:00 horas na sede da Asociación de Empresarios da Terra de Melide. Realizarase ante notario e seguindo o sistema de “man inocente” unha vez se teñan introducidas na urna as matrices correspondentes ás rifas entregadas. As persoas agraciadas recibirán vales por valor do premio obtido para cambiar nos establecementos que participan na campaña.

Preto de 70 comercios da vila están inscritos en “ESTE NADAL TOCA EN MELIDE”. A campaña de Nadal é unha das iniciativas de Asetem-Cca máis consolidadas entre os comerciantes da vila. Leva cele-



brándose dende hai 14 anos. Comezou en 1997 co nome “O teu centro comercial está en Melide”. Nos últimos tres anos desenvolveuse baixo o lema actual co obxectivo de contribuír a que a vila sexa cada vez máis o punto de referencia na comarca para as compras durante estas datas.

Aberta a inscrición para os novos cursos de formación organizados por Asetem

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide (Asetem) organiza tres cursos de formación para o primeiro trimestre de 2012.

O primeiro deles abordará a Formación Básica de Prevención na Construción e será impartido pola Confederación de Empresarios da Coruña. Desenvolverase entre o 13 de xaneiro e o 28 do mesmo mes, cunha duración total de 70 horas, das que 50 serán a distancia. As outras 20 horas, de carácter presencial, impartiranse os venres de 7 e media a 10 da noite e os sábados de 9 da mañá a dúas da tarde na sede de Asetem.

O 23 de xaneiro iniciárase o curso de Benestar animal, obrigatorio para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración. Inclúe un módulo destinado a transportistas de gando vivo e cazadores. O curso consta de 40 horas presenciais que serán

impartidas por Juan Manuel González, licenciado en veterinaria, en horario de luns a venres entre as 9 menos cuarto e as 11 e cuarto da noite. As clases tamén terán lugar na sede da Asociación de Empresarios.

O terceiro dos cursos programados por Asetem, Escaparatismo Comercial, realizarase entre o 4 de febreiro e o 17 de marzo. O programa desenvolverase ao longo de 90 horas, das que 40 serán de carácter presencial. Impartiranse os sábados entre as 9 da mañá e as 3 da tarde.

Os cursos só se levarán a cabo se se reúne un mínimo de 15 alumnos. Están abertos tanto aos socios de Asetem como a calquera persoa interesada. As persoas que desexen participar poden anotarse xa na sede de Asetem, na Rúa Lino Sánchez Sexto. Tamén poden facelo a través do teléfono 981 50 61 88.

Calzados Broz

Inauguración :
Ronda da Coruña, 24 - MELIDE



Neno

Muller

Home

SAÚDE BUCODENTAL



Ana Marcos Cardo,
Odontóloga

Implantes: enxeñería dental ao teu alcance

A prevención e a información que realizamos dende o colectivo odontolóxico para tentar conservar as pezas dentais fracasa en moitas ocasións e hai que proceder a extraelas. Xa dende os anos 1960-1970, distintos investigadores como Branemark en Suecia, considerado o pai da implantoloxía, ou Straumann en Suíza, comezaron a

estudar como instalar nos maxilares unha peza que imitase a raíz dos dentes perdidos e así repoñelos da forma máis similar posible á natural. Dende aquela fóronse mellorando distintos aspectos como o deseño, os materiais máis compatibles e a técnica de colocación ata chegar a uns parámetros consensuados nos implantes actuais.

QUE SON OS IMPLANTES DENTAIS?

Os implantes dentais son estruturas de forma cónica que van ancoradas no óso, a xeito de raíces artificiais, creadas para substituír dentes ausentes ou perdidos por calquera causa. Son capaces de integrarse ata o punto de convivir de forma sana e totalmente natural co resto das estruturas da boca.

Actualmente están fabricados preferentemente de titanio químicamente puro. Despois da colocación dentro do maxilar ou da mandíbula serven para que, unha vez que estean integrados no óso, dean soporte aos novos dentes artificiais que irán unidos a eles.

COMO É O PROCESO DE COLOCACIÓN?

En primeiro lugar hai que facer un exame e un correcto diagnóstico: exploración bucal, historia clínica, estudos radiográficos, modelos de estudo, etc... unha vez seleccionado o caso, o tratamento segue dous pasos fundamentais: fase cirúrxica e fase protética.



Os implantes, de titanio, raramente son rexeitados polo organismo

1. A fase cirúrxica

Primeiro paso: "Instalación do implante ou implantes dentais". Seguindo un protocolo cirúrxico, sempre feito por un especialista, colócanse os implantes dentais dentro do maxilar. A operación dura entre unha e dúas horas e normalmente faise con anestesia local no mesmo consultorio odontolóxico. Durante o período de cicatrización pódese utilizar unha dentadura ou ponte provisional acondicionada, sobre todo para cubrir as demandas estéticas.

2. A Fase Protética

Comeza pasados dous ou tres meses dende a colocación do implante. Unha vez que se produce a integración nas estruturas, comeza a toma de medidas para a confección da prótese dental. Necesitaranse entre unha e catro visitas para avaliar o axuste, a función e a estética dos novos dentes.

Para evitar fracasos, a nova prótese necesitará os coidados e revisions habituais, igual que se se tratasea de dentes naturais.



Aos 3 meses de poñer o implante, comeza a colocación dos dentes



O resultado non se diferencia dunha dentadura natural perfecta



Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA



O goberno local aproba subir máis de vinte taxas municipais para 2012

A maior parte actualizáronse conforme ao IPC

O Partido Popular de Melide aprobou, cos votos que lle confiren a maioría absoluta, a súa proposta de ordenanzas fiscais para o ano 2012, na que se contempla a subida de máis de 20 taxas municipais. A modificación saíu adiante no transcurso dun pleno extraordinario no que os grupos da oposición, BNG e PSOE, votaron en contra.

O equipo de goberno mantén que se trata dunha actualización conforme ao IPC que se fai necesaria dada a precaria situación económica do concello: “nos últimos tres anos non se revisou o IPC e se queremos seguir mantendo os servizos, haberá que cobrar algo por eles”, sentenciou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez. A oposición xustifica o seu voto en contra polo número “excesivo” de taxas que soben. “Non rexeitamos que se actualicen algúns prezos de acordo co IPC, pero si estamos en contra de que se traian a este pleno 20 taxas xuntas”, contestou a portavoz municipal do BNG, Socorro Cea.

Os incrementos que provocaron maior polémica entre os diferentes grupos políticos foron os aplicados para o uso dos recintos deportivos. As pistas de pádel pasarán a custar 4 euros por hora, que serán 6 se hai que empregar os focos. Actualmente estase a pagar 2 euros por hora e media. As taxas do polidepor-



As pistas de pádel centraron a polémica da sesión plenaria

tivo municipal duplicáronse ao pasar de 5,3 euros a hora a 10 para os xuvenís e de 10,7 euros a hora a 20 para os seniores. Ademais, empregar o ximnasio do pavillón, ata agora gratuito, custará 2 euros a hora.

Con respecto a isto o BNG recriminou ao PP que “mal vamos se o que queremos é fomentar o deporte e no primeiro pleno de ordenanzas facemos isto”. O concelleiro popular José Luis Arias explicou que o uso das instalacións deportivas estaba sen regular e que “sería ilegal se as cedemos e non cobramos”. Engadiu que o polideportivo ten un alto consumo de electricidade e gasoil para as duchas e culpou ao anterior goberno de construír as pistas de pádel no peor lugar posible “porque agora requiren que unha persoa teña que estar alí todos os días para limpalas e mantelas”. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, recordou que existen instalacións deportivas como o campo de fútbol polas que non se cobra a pesar do seu alto custo de mantemento.

A modificación de ordenan-

zas inclúe a eliminación dalgunha tarifa, como é o caso da establecida polos servizos que prestan os operarios municipais e Protección Civil cando os veciños requiren o uso da motobomba do concello en situacións de emerxencia. Outra das ordenanzas que se modificou é a que regula a concesión de licencias de taxi, da que se eliminou o cobro pola renovación e a revisión anual.

Ordenación urbanística

Os propietarios de empresas, explotacións agrarias e vivendas que se atopan fóra de ordenación urbanística teñen de prazo ata o mes de abril para regular a súa situación. Para tal efecto o goberno local creou unha ordenanza de “Elaboración de declaracións e resolucións de natureza urbanística”. O BNG asegurou estar “sorprendido polos prezos incluídos na norma, que terá un impacto económico forte no rural, onde hai moitas vivendas fóra de ordenación”. O PP criticou que non se informara a tempo da posibilidade de legalizar edificacións.

A Madanela non terá depuradora industrial

A Consellería de Medio Ambiente estuda non construír a depuradora industrial do Polígono da Madanela. Propón, como alternativa, crear unha rede de canalización para levar os residuos ata a estación depuradora do municipio, onde serían tratados.

A proposta sería viable, en principio, xa que a depuradora municipal foi proxectada no seu día por encima das necesidades reais e está preparada para tratar as augas residuais dunha poboación de ata 15.000 habitantes. Non obstante, o departamento que dirixe Agustín Hernández xa lle comunicou ao concello que elaborará un estudo para avaliar se é posible que os residuos do parque empresarial

sexan absorvidos pola depuradora existente.

Segundo estimacións do concello, a canalización da rede de saneamento dende a Madanela ata a EDAR municipal suporía unha inversión de 1,2 millóns de euros mentres que dotar ao polígono dunha depuradora en condicións podería elevar a inversión ata os 3 millóns. O goberno local engade que as empresas alí instaladas non xeran augas residuais altamente contaminantes e que a maioría xa teñen o seu propio sistema de depuración.

O anterior goberno da Xunta tiña comprometida unha subvención de 437.000 euros para comezar a construción da depuradora.

Novos minipuntos limpos para unha reciclaxe máis selectiva



Minipunto limpo instalado na Praza das Universidades

A concellería de Medio Ambiente instalou tres minipuntos limpos para a recollida de CD's e DVD's, cartuchos de impresora, pequenos aparellos eléctricos e electrónicos, telé-

fonos móbiles, pilas e baterías de pequeno tamaño e lámpadas de baixo consumo. Están ubicados na Codeseira, na Ronda de Pontevedra e diante do Edificio Multiusos.



Villamor.s.c
www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 818 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO | Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

OFICINAS Y COMERCIOS

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

40% descuento

O novo centro de saúde comezará a construírse o próximo ano

Persoal técnico de Sanidade desaconsellou ampliar o actual ambulatorio

A construción dun novo centro de saúde para Melide será unha realidade no ano 2012. A Xunta de Galicia reservou unha partida orzamentaria de medio millón de euros para a redacción do proxecto e a execución da primeira fase dos traballos, que comezarán o próximo ano. A edificación do ambulatorio realizarase en varias anualidades e o orzamento irase prevendo en función do avance da obra.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, considera que a demanda do novo centro de saúde estaba máis que xustificada dada a situación precaria do actual ambulatorio. “Queudou obsoleto para poder ofrecer unha boa asistencia sanitaria. O espazo é insuficiente e presenta deficiencias



o actual ambulatorio quedou pequeno e presenta deficiencias

que supoñen un gasto corrente de mantemento moi difícil de asumir”, explica a rexedora. A isto hai que sumar o incremento no número de pacientes e de servizos prestados. Foi o propio persoal técnico da Consellería de Sanidade o que aconsellou construír un novo edificio e non ampliar o xa existente, posibilidade que se barallou nun primeiro momento.

O ambulatorio novo levantarase nos terreos de titulari-

dade municipal que se atopan na parte traseira das actuais instalacións. A Xunta de Goberno Local xa aprobou a cesión da parcela á Xunta de Galicia para o inicio do proxecto. Na finca que ocupa o centro de saúde existente está previsto habilitar un heliporto para urxencias médicas.

Para Vázquez a construción do novo ambulatorio é a mostra “do compromiso do goberno autonómico con Melide en tempos de crise”.

Solicitan que se recupere a feira de gando de mediados de mes

O sector da gandería é un dos que está a resistir con maior enteira os envites da crise económica, polo menos no que á Terra de Melide se refire. Tratantes e gandeiros da comarca ven con bos ollos ampliar a dous días o mercado de gando da vila, recuperando deste xeito a feira que tradicionalmente se celebraba a mediados de mes. Así llo expuxeron os interesados á alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, que acudiu á feira de gando de outubro para reunirse con eles e escoitar as súas demandas.

Incremento de actividade

O mercado de Melide, que se celebra os últimos domingos de cada mes, experimentou no que vai de ano un aumento superior ao 15% no número de reses que se comercializan. A última edición deu entrada a 393 cabezas de gando entre vacas, cabalos, ovellas e ca-

bras. Para o goberno local estes datos evidencian “a importancia que ten para o noso concello o agro, un sector que non pode deixarse esmorecer”. Nesa liña, Ánxeles Vázquez comprometeuse a realizar unha valoración económica das melloras que é preciso acometer nas instalacións, obras que correrían a cargo da Consellería do Medio Rural. O amaño da cuberta ou a creación dun recinto específico para os cabalos estarían entre as actuacións que habería que acometer con maior urxencia.

O executivo local tamén estudará a ampliación da feira a dous días. Gandeiros e tratantes coinciden en que é mellor que se celebre o segundo domingo de mes e non o día 15, como se facía tradicionalmente. Outra das demandas do sector é abrir o mercado ao gando de recría. Na actualidade en Melide só se venden animais para o matadoiro.

Chegado o San Martiño, van os peóns ao camiño



Ver bailar preto de cen trompos ao mesmo tempo é pouco frecuente. A mañá, a técnica e o interese necesarios para ofrecer tal espectáculo non lle faltan aos alumnos de 1º e 2º da ESO do Instituto de Melide que participaron na sétima edición do Día do Peón.

A xornada, convocada pola rede Galega de Xogo Tradicional, celebrouse o 11 de novembro, en coincidencia co San Martiño. Nela estaban invitados a participar 1.704 centros educativos. Dez mil alumnos de toda Galicia gozaron ao mesmo tempo deste xogo.

Vitoria rotunda do PP en toda a comarca

O Partido Popular foi o claro vencedor nas eleccións nacionais do 20 de novembro en todos os concellos da comarca da Terra de Melide. Os conservadores obtiveron unha vitoria cómoda cunha porcentaxe de votos sobre o total que superou en todos os casos o 64%.

En concreto, no concello de Melide, o PP obtivo 2.589 votos, cunha porcentaxe do 66,7%. Sumou 191 votos máis ca nas eleccións nacionais de 2008. O PSOE baixou 696 votos con respecto a 2008 ata quedar nun total de 728 e unha porcentaxe do 18,7%. O BNG, con 511 papeletas e unha

porcentaxe do 13,2%, tivo 590 votos menos ca hai catro anos. No resto de concellos, onde o PP tivo unha vitoria máis abultada foi en Toques, acadando o apoio do 75,4% das persoas que acudiron ás urnas. Sumou 634 votos, por 137 do PSOE (16,3%) e 59 do BNG (7%).

Os resultados aportan cifras semellantes no concello de Sobrado dos Monxes. Alí os populares foron respaldados por 986 persoas, 71 máis ca no 2008 (72% dos votantes). O PSOE perdeu 218 votos ata quedar nos 212 nestas eleccións (15,6%). O BNG obtivo 142 (10,5%), 37 menos ca hai

catro anos.

No que se refire á Santiso, a vitoria foi tamén para o PP, co 64% dos votos. Sumou en total 788 fronte aos 272 do PSOE (22,1%) e 155 do BNG (12,6%).

Participación

A participación media da Terra de Melide nas eleccións do 20 de novembro foi do 71,6%, practicamente idéntica á media nacional: 71,7%. Por concellos, os índices de asistencia ás urnas son os seguintes: Melide 65,89%, Toques 72,95%, Sobrado 73,55% e Santiso 74,20%.

BREVES

ITV para vehículos lixeiros

A unidade móbil da ITV para vehículos lixeiros e agrícolas estará en Melide os días 12, 13, 14, 15, 16 e 19 e 20 de decembro. Situarase na rúa Mejuto Cordido en horario de 9:00 a 13:30 da mañá e de 15:30 a 18:00 da tarde. O día 20 a unidade móbil só atenderá en horario de mañá. As persoas interesadas en pasar a inspección técnica aos seus vehículos deben solicitar cita previa a través do número de teléfono 881 92 09 77.

22 toneladas de alimentos

Melide reuniu un total de 22.762,44 quilos de alimentos para repartir dende os servizos sociais do concello entre as familias máis necesitadas. Arroz, leite, cereais, pastas, queixos ou caldos de carne son algúns dos alimentos que se xuntaron no marco da campaña de Cruz Vermella Española para axudar ás familias con poucos recursos económicos. A campaña vense desenvolvendo nos últimos anos en Melide con moi bo resultado.

Solución aos malos olores

O executivo galego comprometeuse a solucionar os problemas na rede de saneamento das vivendas sociais que se entregaron no casco urbano hai catro anos. Os veciños veñen denunciando dende hai tempo a persistencia de malos olores causados polas deficiencias de construción nas canalizacións do propio edificio. Solucionar os problemas existentes nas vivendas de protección oficial custará arredor de 20.000 euros.

A ciencia sae á rúa falando en galego

O Cantón de San Roque pode ser tamén un gran laboratorio aberto ao público. Con motivo da celebración do Día da Ciencia en Galego, o 4 de novembro, varios alumnos de segundo de bacharelato do Instituto de Melide sacaron a física e a química á rúa cun dobre obxectivo: demostrar que o galego tamén é unha lingua válida para facer ciencia e achegar a teoría científica á sociedade.

O instrumental do laboratorio abandonou por un día a aula e pasou a formar parte do mobiliario do cantón, onde os alumnos, baixo unha carpa, amosaron as súas habilidades no terreo da experimentación: burbullas xigantes de glicerina feitas con palliñas, auga osixenada descomposta ou medias cascas de ovo de soportaron sen problema o peso de varios libros. “Isto explica a resistencia das formas curvas”, explica a profesora Paz Díaz, do departamento de Física e Química do instituto, “reparten moi ben o peso e por iso non rompen”.

O laboratorio na rúa despertou a curiosidade de quen paseaba polo cantón pero os viandantes foron reticentes a tomar parte nos experimentos e ata houbo quen declinou a invitación dos alumnos para

participar. Isto demostra, segundo a profesora Paz Díaz, que “a ciencia aínda está lonxe da xente a pesar de que todo é física e química, dende a dixestión que facemos despois de cada comida, ata os coches ou os produtos que empregamos para lavarnos”.

O día da ciencia en Galego completouse con outras actividades realizadas no instituto entre as que se incluíu unha videoconferencia en directo dende a cidade de Natal, en Brasil, a cargo de Ángel Carraçado, catedrático de Medicina Legal e Xenómica da universidade de Santiago.

O papel da muller

A celebración do Día da Ciencia en Galego tivo tamén outra compoñente reivindicativa. Na intención de enxalzar o papel que desenvolve a muller na ciencia, a xornada homenaxeou a dúas científicas de referencia: Marie Curie e a María Wonenburger, matemática galega. Wonenburger, nacida en Oleiros en 1927, formou parte dos primeiros beneficiarios das bolsas Fulbright, o que lle permitiu estudar na Universidade de Yale, nos EEUU. A súa tese doutoral foi dirixida polo famoso alxebriista Nathan Jacobson.



A profesora Paz Díaz e os seus alumnos fixeron experimentos na rúa

Lámpadas led para reducir o consumo de electricidade

O goberno de Melide contempla instalar lámpadas de baixo consumo no alumbrado da zona do casco urbano para reducir o gasto no consumo eléctrico. A actuación realizarase en sete rúas e consistirá na substitución das bombillas de sodio e mercurio actuais por lámpadas led, que consomen menos. De maneira experimental xa se instalaron en dúas farolas, para comprobar a súa luminosidade, e o resultado foi positivo, segundo unha auditoría realizada. Estímase que coa nova iluminación o aforro na factura enerxética será superior ao 50%. O executivo local solicitará unha subvención á Xunta para poder executar o proxecto, que custa 81.105 euros.

FOTO-DENUNCIA

Urinarios en lista de espera



No Centro de Saúde de Melide non son os pacientes os únicos que están en lista de espera. Tamén o mobiliario. Neste caso, un par de urinarios da área de urxencias e da zona de consultas que levan case tres meses esperando a que alguén

os arranxe. A crise pode con todas as culpas, máis neste caso non é cousa de cartos. O que faltan non son euros, senón intención. E non é cuestión menor, que xa se sabe que cando as necesidades apretan, o que espera, desespera.

Emprendedores en Melide

Mis Mejores Labores, tenda de mercería e complementos



Margarita Iglesias acompañada polos seus pais

Unha nova tenda abriu as súas portas en Melide no mes de novembro: “Mis mejores labores”. Está situada na Avenida de América, nº 3, e quen decida achegarse ata alí para mercar atopará detrás do mostrador a unha moza emprendedora con pouco medo á crise. Chámase Margarita Iglesias Fociños e é consciente do complicado da situación actual pero a ilusión coa que encara o futuro é aval suficiente para superar calquera obstáculo que apareza no camiño.

Natural de Val, no concello da Agolada, a Margarita sempre lle rondou na cabeza a idea de ter un negocio propio. Velaí un soño feito realidade que se

traduce nunha tenda especializada en mercería, complementos, roupa de neno e labores feitas á man.

Malia nacer noutra provincia e ter estudado en Lalín, Margarita sempre mantivo unha estreita vinculación con Melide. Tanto iso coma o dinamismo do comercio local fixeron inclinar a balanza á hora de decidir onde montar o negocio. Agora, aos poucos días de abrir a súa tenda, afronta o reto de integrarse canto antes no tecido comercial da localidade. Con tal propósito, non dubidou en participar na campaña de nadal organizada por Asetem, na que agarda ter uns bos resultados.





CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.
Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B
C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo
Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre **edificación s sen licenza**, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B
Teléfonos 982-380411 e 982-380149
e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo
Teléfono 981-505781
e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

À MODA CON ASETEM-CCA > EL

Traxes entallados e teas brillantes



O tempo de Nadal, en especial o día de Noitevella, é un bo momento para apostar pola elegancia e rescatar do armario o traxe que ás veces tanto custa poñer. Nas últimas tendencias en deseño e cores, os cortes entallados marcan estilo esta tem-

pada. David Mato viste traxe de tea brillante en cor negra, de **Q'me Compro**. Unha aposta clásica, con un toque innovador, combinada cunha camisa branca e unha gravata de cadros en tons grises e negros. Os zapatos e o cinto son de coiro.



Q'me compro. Pantalón de pana azul con xersei de lá verde e camisa de cadros facendo xogo.

Xoiería Roval. Conxunto de complementos de moda para home composto por aneis de aceiro, pulseiras de caucho e aceiro, reloxo de aceiro con correa de coiro negra, reloxo de aceiro con dourados e correa de caucho e conxunto de colar e chaveiro de aceiro.

À MODA CON ASETEM-CCA > ELA

Vestido curto, tacóns altos e volume

A non ser que o pida expresamente a invitación, a mellor aposta para este fin de ano é ir de curto. Marcan tendencia os vestidos “mini”. O negro segue a ser unha aposta segura pero entran con forza as cores rechamantes. Os xogos de volume, os

tacóns e o lombo ao aire son tres aspectos a ter moi en conta esta tempada. Yolanda Lema viste vestido de raso color tella de **Q’me compro**, con “bolero” de raso negro. As xoias, conxunto de pendentes, colgante e pulseira, son de **Xoiería Roval**.



Q’me compro. Trenca de cor tella con vestido en tons camel e laranxa máis cinto de lazada.



Xoiería Roval. Reloxo branco de aceiro e correa de coiro. Anel de prata e cuarzo branco. Colgante e pulseira de aceiro e cerámica. Pulseira de aceiro con forma de corazón. Anel de prata e cuarzo branco.



Xoiería Roval. Pulseira de prata con pedras azuis. Pulseira de filigrana encobrecida. Pulseira de cable de aceiro e ouro. Reloxo de aceiro e colar de cuarzo.



Q’me compro. Chaleco de pelo forrado con cinto en pel e camisa estampada en tons laranxa.

A banda de Visantoña volve aos ensaios tras un ano de inactividade

A directiva di que seguen “na corda frouxa” e non descarta que volva parar

Os trinta e dous compoñentes da Banda de Música de Visantoña volveron a desenfundar os seus instrumentos para tocar de novo xuntos un ano despois da súa última actuación. O pasado 5 de novembro a agrupación retomou os ensaios logo de que os problemas de financiamento a obrigaran a suspender por completo a súa actividade no verán de 2010. A falta de fondos suficientes para contratar un director tiña en punto morto á formación musical máis antiga de Galicia.

Detrás do parón de 15 meses está unha situación económica precaria que obrigou á nova directiva da asociación que xestiona a banda a tomar decisións. “Sabíamos que había moito interese no pobo por poñer a banda a funcionar de novo pero decidimos priorizar a actividade da escola de música”, comenta un voceiro da directiva.

A asociación recibe unha aportación anual de 12.000 euros por parte do Concello de Santiso e subvencións variables da Deputación da Coruña. A isto hai que sumar as cotas que pagan os socios, 20 euros ao ano, e os 15 euros mensuais que aporta cada alumno da escola. “A recadación é insuficiente porque as cotas son moi



A banda retomou os ensaios o 5 de novembro cun novo director

baixas e case todo o orzamento se nos vai en pagarlle aos profesores”, sinalan dende a asociación. A falta de fondos facía inviable contratar un director para a banda, que mantivo unha traxectoria ininterrompida dende 1877, ano da súa fundación. Porén, no medio de tanta adversidade “déronse as circunstancias para atopar unha persoa que nos dá confianza. Valoramos a situación, chegamos a un acordo, falamos cos músicos e comezaron os ensaios”. Dende entón está á fronte da banda Santiago García Mella, un mozo de 21 anos e natural de Lalín que “comezou con ilusión e moitas ganas de traballar”.

Non obstante, dende a Asociación Cultural Escola-Banda de Visantoña manifestan que “seguimos con problemas de financiamento. Estamos constantemente na corda frouxa e non podemos descartar que a banda volva parar. A axuda institucional é moi importante”.

Baile de cifras

As informacións aparecidas sobre a dotación económica que aportou nos últimos anos o concello para o mantemento da banda provocou discrepancias entre o anterior equipo de goberno e a directiva da asociación. O ex alcalde de Santiso, Ovidio Leiva, negou categoricamente que no último orzamento se destinasen tan só 499 euros ao financiamento da banda e que iso provocase a paralización da súa actividade. “O ano pasado concedéronse 12.000 euros e no 2009 e no 2008 tamén. Sempre apoiei a banda e sempre se lle pagou, ás veces incluso en situacións de precariedade”, declarou Leiva na última sesión plenaria. Con respecto a isto a directiva da asociación apresurouse en aclarar, “para evitar malentendidos”, que o concello cumpriu sempre coa asignación económica establecida e que os 499 euros correspondían a unha aportación da Deputación da Coruña en 2010.

Santiso solicita á Deputación obras por valor de 1,4 millóns



A corporación votando un dos puntos da orde do día

O Concello de Santiso acordou, en sesión plenaria, enviar catro proxectos á Deputación da Coruña para o acondicionamento da estrada provincial DP-4603 que une Melide con Ribadulla.

O conxunto de propostas tería un custo estimado, segundo o estudo elaborado polos técnicos municipais, de 1.413.000 euros. Desá cantidade total, a construción de beirarrúas en dous tramos diferentes da estrada suporía 1.086.000 euros, a creación dunha senda peonil 264.000 euros e a substitución de postes de alumeadado arredor de 63.000 euros.

A proposta saíu adiante cos cinco votos favorables do equipo de goberno (PSOE, BNG e Independentes por Santiso) e a abstención dos catro concelleiros do PP. O grupo conservador cualificou de “improcedente” enviar proxectos “con cantidades tan esaxeradas” en tempos de crise e vaticinou que a Deputación rexeitará acometer as

obras. “Esas peticións son inviables coa situación actual. Hai que pedir algo alcanzable”, explicou Ovidio Leiva, voceiro dos populares.

O alcalde do municipio, Fernando Suárez (PSOE), matizou que “nós fixemos o estudo técnico para ensinar as deficiencias que temos e para pedir a súa axuda pero vai ser a Deputación quen faga a obra e quen decida a cantidade de cartos que inverta”.

Axudas sociais

O grupo do Partido Popular esixiu, no transcurso do pleno, coñecer os baremos que aplicou o concello á hora de outorgar axudas ás persoas en situación de emerxencia social. “Algunhas cantidades parecen moi avultadas”, sinalou a concelleira popular Matilde Pallares. O alcalde mantén que as cantidades foron establecidas pola asistente social en base aos baremos que establece a lei e prometeu dar explicacións detalladas no próximo pleno.



STOP
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
MELIDE

TODOS LOS FINES
DE SEMANA DEL MES
DE DICIEMBRE:
FIESTA DE LA
CERVEZA
CARLSBERG



JOSÉ ANTONIO CASTRO, EMPRESARIO E POLÍTICO DE TOQUES

“En xaneiro abriremos en Brasil unha nova fábrica de colchóns”

Sentado na mesa do seu despacho, José Antonio Castro semella ser un home que toma a vida con tranquilidade e non dubida en entregarse a unha boa conversa. Pero a axenda deste empresario e político, nacido en Toques hai 57 anos, non deixa moito tempo para o descanso. Afánase en preparar o

salto de Espomasa, a súa empresa de espuma para colchóns e tapicería, ao outro lado do océano e non descoida as obras da nova discoteca que abrirá en breve en Sobrado. Por se isto non fose dabondo, en pouco máis dun ano asumirá a alcaldía de Toques. É o que se di unha persoa polifacética.

-Espomasa é unha empresa cunha longa traxectoria pero, como foron os inicios?

-Empezamos en Melide en 1980. Tiven un par de socios pero as cousas non saíron ben e aos poucos anos tivemos que volver empezar de cero miña muller máis eu. Fomos pouco a pouco. Primeiro só vendíamos na provincia da Coruña, logo a toda Galicia, despois polo Cantábrico e agora xa chegamos a Zaragoza, Madrid, Extremadura e Portugal.

-En Portugal traballan baixo un nome diferente.

-Si, alí a marca é Iberosleep. Fabricamos dous tipos de colchóns. O 90% vai para o mercado francés e o resto para a venda directa na Península Ibérica.

-Como está capeando a crise o seu grupo?

No último mes perdemos dous clientes, un en Asturias e outro en Pamplona, porque pecharon. A crise só a notamos en España. Vimos que aquí comezaba a baixar o consumo de espuma e propuxémonos abrir novos mercados. Así empezou a nosa incursión en Portugal,



José Antonio Castro no seu despacho, en Toques

como un experimento para buscar alternativas á crise. Ao principio vendíamos a outras empresas. Logo montamos a fábrica de colchóns con máquinas vellas. O mercado foi tirando e agora xa mercamos outras novas.

-Pódese dicir que están en plena expansión...

Este ano prevemos medrar un 10% e temos proxectos importantes a curto prazo. Se todo

vai ben, abriremos unha fábrica de colchóns en Brasil no mes de xaneiro. Cambiamos moita maquinaria en Portugal e mandarémola para alá en barco. Xa fixemos contactos para facernos cunha nave.

-En que lugar de Brasil se van instalar?

Imos a unha cidade que se chama João Pessoa, que ten 750.000 habitantes. A fábrica de colchóns máis próxima está

“A crise só se nota en España. Tivemos que buscar outros mercados”

“Toques ten un problema ca auga municipal e a solución pasa por Melide”

a 800 kilómetros. Se conseguimos chan industrial e parcelas grandes, intentaríamos producir nós mesmos a espuma para os colchóns.

-Como foi que decidiu probar sorte tamén nalgo tan diferente coma a hostalería?

Esa foi unha idea que xurdiu dos meus fillos, Fran e Miguel. Empezaron en Melide no Lai-cus, cunha sociedade, despois

colleron o traspaso do Zerox, máis tarde véu a discoteca Palladium e detrás o Ananda. Agora andamos traballando na discoteca de Sobrado, que estaba en ruínas, para volver poñela en funcionamento.

-Cando abrirá?

O 16 de decembro. Xa están contratados David Civera e a Orquestra Olympus. Para o mes de febreiro intentaremos traer a David Bisbal. Alí había catro paredes pero xa estiveron as máquinas, xa se limpou todo e só falta rematar a instalación eléctrica e o son.

-En pouco máis dun ano convertirase en alcalde de Toques, en virtude do pacto que asinou o seu partido co PP. Qué necesita o municipio?

Partindo da premisa de que Toques ten as súas contas completamente saneadas e paga as súas facturas ao mes, un dos grandes problemas que padece é a auga municipal. Está xestionada por Espina & Delfín e leva moitos cartos ao longo do ano. A solución é doada e pasa por chegar a un acordo con Melide e venderlle a auga sobrante que temos.

Xornal cerne

Departamento de publicidade

Tfno. 663 687 322

Tfno. 981 506 188

anil@cerne.es



Tfno./fax: 981 50 62 56

Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE

(A Coruña)

e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Toques aproba subir o prezo da auga, do lixo e do uso do pavillón

O goberno de Toques levou a pleno a suba dos prezos de catro taxas municipais: o subministro de auga, a recollida de lixo, o uso do pavillón de deportes e o imposto de vehículos de tracción mecánica.

Segundo o alcalde, Jorge Calvo (PP), a crise económica e o difícil sostemento dos servizos obrigaron a revisar os recibos. O BNG, único partido da oposición, votou en contra de todas as modificacións fiscais, que saíron adiante igualmente cos sete votos favorables da coalición de goberno formada polo Partido Popular e Xuntos Cara ao Progreso de Toques (XCPT).

A subida do 10% no recibo da auga foi un dos puntos máis polémicos. O alcalde, Jorge Calvo, sinala que ten por obxectivo “devolver la deuda de 120.000 euros que estamos amortizando mes a mes. El concello paga casi el 70% de la factura y los vecinos el resto. Subimos la tasa para acelerar la devolución de lo que debemos”. O voceiro do BNG no concello, Xosé Anxo Penas, ex-



A corporación tamén discutiu no pleno sobre o sistema de votación

plicou que “non se deberían de aprobar subas ata que non haxa un bo servizo de augas, cousa que agora non temos”.

Outro dos incrementos aprobados afecta á recollida de lixo. Os veciños de Toques pagarán 7 euros máis, pasando de 28 a 35. A medida foi cualificada de “sorprendente” polo grupo do BNG, “porque non é xusto nin lóxico que se lle suban sete euros a un particular e sete tamén a unha em-

presa”. Dende o grupo de goberno explicaron que “tenemos las tasas más bajas de la zona. Las de las empresas ya están bastante altas y por eso se hace un aumento lineal”.

Na sesión plenaria aprobouse tamén un incremento de 7,12 euros no imposto de vehículos de tracción mecánica. O prezo polo uso do pavillón polideportivo pasará dos 5 euros por hora actuais a 10 euros por hora.

Castañas, disfraces e música no día do samaín

Toques sumouse á cada vez máis estendida celebración do Samaín, o ano novo na cultura celta, e fíxoo cun magosto e unha festa de disfraces para os máis cativos do concello. O evento organizouse no edificio multiusos o primeiro sábado de novembro e a ela asistiron tamén veciños da vila.

A xornada de celebración comezou con diversas actividades entre as que se atopaba un obradoiro de debuxo e pintura, no que os nenos e nenas pintaron e recortaron bruxas, cabazas, morcegos e demais figuras relacionadas co Samaín.

Houbo tamén un taller de globofexia, música e agasallos para todos os que acudiron á festa disfrazados. Todas as actividades contaron coa animación dun grupo de tres mozos que dinamizaron a tarde.

A celebración do Samaín en Toques rematou cun magosto, no que se puido degustar tamén chocolate e rosca.

O samaín é unha festividade que vén sendo practicada dende hai máis de 3.000 anos polos pobos celtas que poboaron Europa, entre eles o galego. Literalmente significa “fin do verán”.



DISTRIBUCIONES – ULTRAMARINOS

Casa Juanito

C/Mateo Segade Bugueiro, 39 – MELIDE tf. 981505103

Especialidad en:

Pimentón

Bacalao

Jamones e Ibéricos

Legumbres

Vinos

licores

Gran surtido en cestas de navidad, baúles y regalos navideños

Conteniendo productos conocidos y de prestigio





**Bo
Nadal**



**Feliz
Ano Novo**



Emilia Pardo Bazán, 10
15800 MELIDE (A Coruña)

VIÑOTECA



Praza da Herba, 10 - **MELIDE**



Pub Quemais:
3 decembro
Barman acrobático.
Gin Tonic larios 12



A Boa Viña:
2 decembro
Degustación rioja
Dinastia Vivanco 2008

A Semana da Música rende tributo a “Os Garceiras”

Dez grupos, tres corais e catro solistas actúan na XXII edición do certame

A mellor representación da música popular e tradicional que se fai en toda a comarca volveu darse cita un ano máis en Melide para participar na vixésimo segunda edición da Semana da Música organizada pola Coral Polifónica da vila. O evento rendeu este ano un tributo especial a Os Garceiras, o histórico grupo de gaitas da Terra de Melide. A Coral Polifónica quixo recoñecer con esta homenaxe o labor cultural dos seis irmáns gaiteiros que foron auténticos embaixadores de Melide e divulgadores da música tradicional nos tempos da posguerra.

Precisamente o amplo repertorio de Os Garceiras estivo moi presente nas actuacións que se sucederon durante os días 11, 12, 13 e 18 e 19 de novembro na igrexa parroquial,



Gaiteiros “Froito Novo” interpretou o tema “Lembrando a Os Garceiras”

que acolleu tamén unha pequena exposición sobre os gaiteiros da parroquia dos Ánxeles. A maioría dos dez grupos de folclore e música tradicional que participaron na Semana da Música interpretaron algún tema de Os Garceiras. A isto hai que

sumar a participación de tres corais polifónicas e catro cantantes solistas. En total, dezasete actuacións nas que se interpretaron setenta e nove pezas diferentes.

Gaitas, bombos, tamborís, pandeiretas e voces encheron a igrexa parroquial durante

cinco días cuns sons diferentes aos habituais. A boa acústica do espazo favoreceu a calidade dun espectáculo variado que o público melidense soubo recoñecer cunha asistencia masiva.

A Agrupación Folclórica A Maristela e a Coral Polifónica Vía Sacra de Sobrado, xunto

coa Escola de Música e Baile Tradicionais “O Bingo Birón” de Toques, deron inicio á programación o venres 11 de novembro. O sábado 12 continuou coas actuacións do grupo de gaitas Froito Novo, Trimuíños e os solistas Patricia Méndez máis Xoán Curros. No escenario reservouse neste día un lugar de privilexio para toda unha xoia da música tradicional na comarca; a zanfona do cego de Carelle. O instrumento co que este personaxe acudía a Melide para tocar cantares de cego ten 200 anos de antigüidade. No mesmo escenario actuaron o domingo 13 a Escola de Gaita e Percusión “Axóuxere”, a Coral Polifónica de Santiso e a Escola de Baile e Música Tradicional “Herba Grileira”.

O programa retomouse ao venres seguinte, o día 18, coa agrupación Abeancos, o grupo da catequese parroquial de Melide e as cantantes Fátima Lea e Irene Ruíz Camuerga. O broche final puxérono o domingo Os Melidaos, o grupo Troito e a Coral Polifónica de Melide, que foi a encargada de pechar a Semana da Música.

Os Garceiras de Melide, unha vida feita música

Di quen os recorda que a afinación e a forza das súas gaitas os facían recoñecibles. Os veciños da redonda non precisaban velos para saber que as notas que se achegaban polo camiño da aldea saían das gaitas dos Garceiras. “*Sempre pola vila entraban / con aquel de señorío; / sempre co poxante brío, / co tambor se acompañaban*”. Eran seis irmáns; Gabriel, Arturo, Suso, Ramón, Xosé e Emilio Mato Varela, e puxéronlle á agrupación o nome da aldea de Os Ánxeles que os viu nacer.

A carreira de Os Garceiras comezou en 1934, cando o máis vello deles, Gabriel, tiña pouco máis de 12 anos. El máis os seus irmáns Arturo e Suso comezaron a tocar uns vellos punteiros. Axiña lles deron traza e lle colleron o gusto ao son que saía daquela peza. En canto poideron mercaron unha gaita, un tambor e un bombo e no ano 1935 debutaron nas festas do Carme de

Melide. A formación medrou en 1938, cando se incorporaron os outros tres irmáns (Ramón, Xosé e Emilio) e quedou formalmente constituído o grupo “Irmáns Garceiras”. Nos anos corenta sucedíanse os contratos e as actuacións ao tempo que estes gaiteiros de Melide acadaban sona en toda a contorna. Pero a súa fulgurante carreira recibiu o pao da emigración e na década dos 50 Emilio, Ramón e Arturo tiveron que deixar a súa terra na busca dunha vida mellor.

Os Garceiras seguiu adiante e contou nos anos seguintes coa colaboración de músicos da zona coma Manuel Rúa, Xesús González, Santiago Cea, Enrique dos Ánxeles, Antonio e Cándido Blanco, Xosé de “Martinho”, Antonio “Silvela”, Luis e Moncho Mato (fillos de Suso), Enrique “O Rubio” e Eduardo Costoya. A súa participación en premios e concursos non pasou desapercibida, acadando varios primeiros



Portada do disco que gravaron Os Garceiras en 1976

premios ao longo da súa traxectoria.

Foi un camiño que comezaron con bo pé no ano 1955 en Lugo, onde gañaron o primeiro certame ao que se presentaron. A nivel individual, o bo tocar de Os Garceiras había facer de Gabriel o segundo gaiteiro maior de España, título que acadou nun concurso celebrado en Asturias.

O éxito continuou e levounos a gravar un disco no ano 1976 e a realizar xiras polo estranxeiro. Só a morte dos tres irmáns gaiteiros nos anos noventa puxo fin ao grupo. O seu legado pervive.

Poema a Gabriel Mato

O escritor local Xosé Vázquez Pintor escribiu en 1992 este poema para Gabriel Mato:

“En harmonía co sol e en toda circunstancia / mides o rostro do país en légoas / e proclamas a atención do sangue, ese retorno / da danza, a maxia, o brinquedo corazón que leva / lonxe, lonxe a memoria de nós conforme avanza / alegre onde nos nace / Esa mau amiga de Gabriel abrindo o buxo / aos paxaros sen fin, que sempre cantan.”

29 anos de sons coa Coral Polifónica de Melide

A súa voz puxo banda sonora a inauguracións e tirou das bágoas dos emigrantes no País Vasco

Botou a andar en 1982 como herdeira dos coros melidaos dos anos 50

Ninguén recorda Melide sen música. Cantantes, instrumentistas, coros, gaiteiros e orquestras sementaron de notas a terra e o ar facendo da bisbarra un lugar de fonda tradición musical onde soa dende hai décadas unha canción interminable. A piques de cumprírense trinta anos do seu nacemento, a Coral Polifónica de Melide é o mellor exemplo de todo o que significou e significa a música para os melidenses.

O seu é un longo percorrido que se nutriu das voces de coros que salpicaban o territorio da comarca. Continuou sobre firme baixo a dirección de homes talentosos e voces acompañadas que axiña lograron o recoñecemento. Persiste nun presente máis vivo ca nunca e seguirá nun futuro ilusionante onde non ha faltar o aplauso e a confianza que sempre lle brindou o público. Velaquí a biografía dunha coral, a Polifónica de Melide, onde quedan aínda moitos capítulos por escribir.

Herdeira da tradición

A Coral Polifónica de Melide estaba condenada a existir. A súa non foi unha xeración espontánea, senón o resultado dun caldo de cultivo que levaba cocendo a lume lento moitos anos. Os comezos datan de marzo de 1982 pero para atopar a orixe e o fundamento da coral hai que retrotraerse aos anos 50, a década de ouro dos coros na comarca: Coro de Priorada, Coro Hijas de María e o prolífico Coro Aires de Melide, que naceu das



A Coral Polifónica de Melide durante un descanso da súa actuación na Semana da Música



Integrantes do coro Aires de Melide nos anos 50

xuntanzas na xastrería de Secundino do Chocolateiro e da festa dun martes de Entroido no que un conxunto de amigos e veciños decidiron disfrazarse e saír a cantar. Pasada a algarabía viñeron os ensaios, as cantigas, o teatro e os días de éxito e de representación no Cine Capitol, do que queda a lembranza.

Esa foi a tradición, o espírito e as voces herdadas que conseguiu aglutinar 30 anos máis tarde o párroco das Cazallas e dos Ánxeles, Andrés Sampayo Sixto, mentor e fundador da coral. Buscou entre os veciños de Melide os baixos, os barítonos, os tenores... todas as voces necesarias. Despois de tres meses de ensaios, o 16 de agosto de 1982, a Coral Polifónica de Melide actúa por primeira vez.

Foi na igrexa parroquial da vila, coincidindo cas festas de San Roque. Un ano máis tarde, apadriñada pola Coral de Arzúa, fixo a presentación oficial o día de San Pedro. Dende aquela iniciou un ciclo ininterrompido de actuacións por toda a comarca e concellos de Galicia no que pouco a pouco se ía consolidando como unha agrupación referente.

Datos para recordar

Datos para recordar e fotos para enmarcar; na historia da Coral Polifónica de Melide hai momentos sinalados no almanaque, pequenos e grandes fitos que consolidaron e dinamizaron a agrupación.

En 1986, tan só catro anos despois da súa fundación, a coral actúa por primeira vez ante as cámaras da TVG, no programa "Ruada". Comezan a abrirse fronteiras ao tempo que aumenta o número de integrantes, as actuacións e os obxectivos da coral. Noutro salto de catro anos chega un novo punto de inflexión: é 1990, corre o día de Santa Cecilia e, como bendito polo patrón dos músicos, celébrase por primeira vez a Semana da Música de Melide, proxecto que gozará de grande aceptación e que é a día de hoxe unha das citas ineludibles na programación cultural da localidade.

A Coral foi tamén testemuña de momentos de morriña e de

orgullo. A súa voz puxo banda sonora á inauguración en Madrid, no ano 1993, dunha rúa co nome de Melide e tirou das bágoas de centos de emigrantes que tiveron que marchar ao País Vasco durante o concerto organizado en Sestao pola Asociación Fillos de Galicia. Corría 1995, a coral polifónica estaba asentada e nos anos vindeiros había retomar as actuacións na televisión. A proxección acadada contribuiría a que participase en 2002 na grabación do CD e DVD "Corales del Camino".

Pasan outros catro anos e a agrupación recibe o recoñecemento, máis alá do aplauso, de todo o pobo: a corporación municipal decide outorgarlle en 2006 a Medalla de Ouro de Melide polos éxitos acadados e o labor realizado a favor da vida cultural da vila. Foi a posta de largo, o acto que a referendou como a institución musical respetada que é ares-tora.

Tres homes de talento

A alma mater da Coral Polifónica de Melide é, sen dúbida, a ringleira de voces anónimas que durante 29 anos aportaron a súa tonalidade e a súa cor ao servizo dunha única causa: a música. Pero igual de transcendentos foron os tres homes que en diferentes momentos estiveron á fronte da dirección da coral.

O primeiro deles foi o xa mencionado Andrés Sampayo Sixto, párroco das Cazallas e dos Ánxeles. El foi o auténtico artífice e impulsor da coral, á fronte da que estivo durante 14 anos. Fundouna en 1982, viuna medrar e disfrutou dos seus éxitos ata que faleceu en 1996, deixando un fondo penar entre todos os coristas. Durante os dous anos seguintes asumiu a dirección Uxío Pazos, que renovou os ánimos dos compoñentes da coral coa súa vitalidade e xuventude. En 1998 houbo un novo cambio de director e colleu o cargo Valery Moriatov, un músico destacado dedicado á ensinanza en varios centros de estudos musicais de Galicia. Este violonchelista, que toca tamén na Orquestra de Cámara de Melide e formou parte das orquestras sinfónicas de Galicia e San Petersburgo, segue a día de hoxe á fronte da coral e os seus integrantes.

Poemas dun universo particular

A escritora cubana Yanelis Velazco presenta en Melide “Islas en el tiempo”

Pisou por primeira vez terras galegas no ano 2004 para darlle o derradeiro impulso á súa tese doutoral. Chegou de Cuba cun cartafol cheo de análises, referencias e anotacións sobre a obra do escritor melidao Xosé Vázquez Pintor. Viña cargada de incerteza e da ilusión por coñecer a quen tanto tiña estudado. Aterrou en Melide e sentiu que “nunca antes me recibiran con tanto cariño”. Sete anos despois Yanelis Velazco, escritora e profesora de crítica literaria, volveu para presentar o seu primeiro libro, *Islas en el tiempo*, un poemario “que é coma un fillo”.

O Edificio Multiusos de Melide, escollido para a presenta-



Fernando Bores, Yanelis e a concelleira de cultura, Dolores Gómez

ción, converteuse por un lapso de tempo nun “diario de sentimentos”, como define a colección de poemas Fernando Bores, editor do libro.

Yanelis Velazco recita para os asistentes, por veces canta, e vai falando do tempo, do amor, da orixe, da morte e dos asuntos cotiáns, coma a cegueira dunha amiga. Son temas universais marcados pola condición insular da autora, e así se reflicte na primeira parte do libro, titulada “Efluvios”. “Yo sé lo que es

nacer con marcas de agua sobre la piel”. Aínda hai outras dúas máis: “Arborescencias”, na que expresa a súa relación coa paisaxe, e “Estructuras”, máis humanas ca físicas, as que crean as persoas cando se relacionan co entorno.

Islas en el tiempo é, en verbas da autora, un libro no que “la poesía no está sólo en las palabras, sino en los silencios que hai detrás de las palabras y que el lector tiene que completar. A eso precisamente los llamo a ustedes”.


“Nómades”, a traxedia da emigración en clave feminina

“Nómades é unha historia de persoas, todas mulleres, que emigran dun lugar para outro, que deixan un pasado e se enfrontan a un futuro incerto”. Así define Xosé Tomás o seu último traballo, unha novela gráfica publicada por Galaxia, que a través de breves episodios e unha perspectiva cambiante afonda nas traxedias da emigración.

O ilustrador de Betanzos, mestre de inglés no Instituto de Melide, manifestou sentirse “ilusionado” por presentar o seu libro na vila, á que lle ten un cariño especial porque “nunca me sentín tan libre coma neste centro educativo”.

O xermolo de “Nómades” xurdiu para Xosé Tomás tras escoitar unha entrevista da BBC na que unha moza relatava o que para ela eran as súas tres grandes desgrazas: ser muller, ser africana e ter a SIDA. A partir de aí fóronse artellando pequenas historias polas que pasan mulleres que atravesan o océano en caiuco,

que se prostitúen para enviar o diñeiro ás súas familias, que emigran na vellez por acompañar os fillos e non se adaptan, que viven ás agachadas o seu lesbianismo ou que non poden regresar ao seu país a enterrar a un ser querido pola situación laboral irregular na que se atopan. Historias todas elas individuais pero cunha mensaxe universal sobre “a dor e o desapego, os sentimentos que produce deixar as raíces e que nos poden afectar a calquera de nós en calquera momento”.



Charamela estrea “O achado do castro”



Ovación rotunda para a compañía de teatro da Asociación Cultural Charamela na presentación en Melide do seu último traballo, “O achado do castro”. As máis de 400 persoas que asistiron á representación recoñeceron co seu aplauso o bo facer da compañía. O relato, de Manuel Núñez Singala, conta en clave humorística o amor de dous mozos romanos non consentido por seus pais e a picaresca de dous ladróns que intentan roubar sen éxito o valioso medallón do emperador.



Xosé Tomás durante a presentación do libro en Melide

Aprendendo os segredos dun bo cóctel

Os pub de Mellide non están dispostos a perder o fio das últimas tendencias. É por iso que varios locais da movida participaron nun curso de formación para coñecer todos os segredos dunha bebida de moda cada vez mais demandada: o cóctel.

Ao longo de dúas intensas xornadas de fin de semana, a empresa coruñesa Cátedra, especializada en cursos de formación, amosou as liñas mestras para facer bos combinados ante os representantes de sete pub de Melide: Cult

Room, Mistik, Nexus, Modell, La Base, Clap e O Templo.

Como mestres de excepción, impartiron o curso dous recoñecidos profesionais da materia: Roberto Tourán e Iván Cotton, actual campión galego de preparación de cócteles de gin tonic. Os asistentes non só tiveron a oportunidade de asistir ás demostracións, senón que tamén elaboraron e logo probaron os seus propios combinados.

A empresa Cátedra ten intención de organizar novos cursos deste tipo en Melide.



O combinado de gin tonic foi unha das especialidades que elaboraron e probaron os asistentes





Jesús Ferreiro deixa escapar a Copa de España de históricos

Non conseguiu puntuar no Rali da Costa Brava, a última proba do calendario

Non puido ser. Jesús Ferreiro e Javier Anido chegaron a acarriñar coa punta dos dedos o Campionato de España de Rali para vehículos históricos pero un cúmulo de fatais coincidencias fixo que visen como se lles escapaba un triunfo que tiñan no peto dende había tempo. Finalmente Ferreiro e Anido remataron cuartos nun campionato que gañou o madrileño Toni Zorrilla.

A derradeira oportunidade tívola no Rali da Costa Brava, última das probas puntuables do calendario, que se celebrou na primeira fin de semana de novembro en Cataluña. Catro pilotos acudían á cita con posibilidades de facerse coa Copa de España. Entre eles estaba Jesús Ferreiro, que pilotaba de novo co Porsche 911 RS logo de darlle un descanso na competición anterior para revisalo e poñelo a punto de cara á carreira definitiva. “Fixéron-selle unha serie de cambios ao coche, que básicamente consistiron en cambiar a carburación por inxección. Quizáis foron precipitados. Probámolo no circuito de Braga e pensamos que ía ben, pero ese circuito engana porque o coche vai sempre a moitas revolu-

cións”, declara Ferreiro.

As cousas comezaron a torcerse dende o primeiro momento que Ferreiro e o seu copiloto Javier Anido pisaron terras catalás. “Fallamos no primeiro tramo. Puxémonos nerviosos porque o coche non estaba ben e xa viamos o que ía pasar; botámonos fóra”. Tiveron que sacarlle o tubo de escape porque estaba dobrado e o motor non respiraba ben pero malia todas as complicacións, conseguiron rematar o primeiro tramo. Comezaron o segundo con penalizacións e foi entón cando viron “que o coche estaba aínda peor que ao principio. Xa iamos moi desconcentrados e saímonos de novo fóra”. Nesta segunda ocasión o vehículo quedou na

cuneta e foi imposible sacalo. Esvaeciase entón calquera posibilidade de acadar o campionato.

Ferreiro xa puido terse proclamado campión de España tres semanas antes no Ralli de Asturias, no que participou co Ford Scort RS MKI, pero rompeulle o motor no antepenúltimo tramo e tivo que abandonar. As avarías técnicas no tramo final da competición amolan ao piloto melidense, quen considera que “foi inxusto que se nos escapase o título porque fixemos unha boa tempada ganando en todos os rallis onde non houbo problemas. Todas as malas coincidencias se deron nas últimas dúas carreiras, pero é así e hai que seguir para adiante”.

Homenaxe a Garagem Aurora



Anido, Eduardo Santos, Ferreiro e Eduardo Santos (fillo)

Melide MotorSport rendeu homenaxe a Garagem Aurora, un recoñecido preparador de vehículos Porsche en Portugal. Os pilotos melidenses Jesús Ferreiro e Javier Anido des-

prazáronse ata o país veciño para agradecer a Eduardo Santos, xerente de Garagem Aurora, de 74 anos, e ao seu fillo a dedicación aos vehículos de competición.

A Asociación de Troiteiros é premiada polo seu labor de defensa medioambiental

A revista *Trueiro*, especializada en temas de caza, pesca e cuestións medioambientais, resolveu galardoar Á Asociación de Troiteiros Río Furelos “polos seus denodados esforzos na recuperación patrimonial”. O presidente da asociación, Xabier Pazo, agradeceu a distinción, que supón, nas súas verbas, «o recoñecemento a un traballo colectivo e sostido do que nos sentimos moi orgullosos». Pazo quixo adicar o premio “a todos aqueles que nos veñen prestando o seu apoio”.



Xabier Pazo (dereita), en Brión, na entrega de premios



**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

Profetas na súa terra

Os alumnos e alumnas da Escola Ayude protagonizaron de novo toda unha lección de técnica e táctica deportiva e alzáronse coa 1ª Copa Deputación da Coruña de Loitas Olímpicas que se celebrou en Melide o 5 de novembro. A cita reuniu un total de 90 loitadores pertencentes a 8 clubs chegados de diferentes puntos de Galicia.

A Escola Ayude estivo acompañada no podio polo Club Keltoi de Vila de Cruces, que se fixo co segundo posto, e polo Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, que rematou a competición en terceiro lugar. Á vitoria por equipos hai que

engadir o trofeo conseguido pola loitadora local Cora Ayude como mellor deportista feminina do torneo. Na categoría masculina o premio para o mellor deportista foi para Vladislav Zernov, do Club Stellae de Santiago.

Á marxe do espectáculo deportivo, a Copa Deputación reuniu en Melide a figuras destacadas da loita galega, como Nicolás Castro, Pablo Pintos ou Moncho García, todos eles varias veces campións de España. Entre os asistentes tamén estivo José Cuba Vázquez, membro indiscutible da selección española.



Carlos Adán (azul), de Escuela Ayude, nun momento da loita

Atlético Melide, un exemplo de superación



En tempos nos que o fútbol semella, por veces, terse convertido nun espectáculo no que priman valores alleos ao puramente deportivo, reconforta atopar equipos que se manteñen fieis ao espírito do esforzo e a ilusión. Tal é o caso do Atlético Melide, que dende a súa refundación hai seis anos é todo un exemplo de entrega, loita e superación.

Á fronte deste renacido proxecto está un home que cre no que fai, un comercial que vive para o fútbol ao que non lle importa “coller o coche e facer 500 kilómetros para chegar a adestrar un xoves”. Todo implicación. Todo “pola ilusión dos rapaces”. É Julio Mouriño, coordinador deportivo do Atlético Melide e adestrador do equipo feminino, a xoia da coroa. Fala con ilusión das súas pupilas e recorda o duros que foron os comezos: “creamos un equipo da nada, non sabían nin darlle unha patada á pelota”.

Os ensaios intensivos e diarios daquel primeiro verán máis a calidade innata das xogadoras axiña deron os seus froitos e o Atlético Melide Feminino axiña se convertiu nun equipo revelación. Agora está entre os máis respetados da súa categoría. “Nos primeiros amistosos metíannos arredor de 15 goles e pensei que as rapazas se ían desanimar, pero



O Atlético de Melide feminino e o seu adestrador, Julio Mouriño Río

logo chegou o primeiro partido de liga e empatamos 2 - 2. A partir de aí todo foi a mellor”, comenta Julio.

O Atlético Melide Feminino está a facer unha boa campaña na Segunda división Autonómica despois de baixar de categoría a tempada anterior. Aspiran a manterse nun momento de dificultades no que a plantilla está moi minguada debido ás baixas e ás lesións. “Acudimos ao último partido con 13 xogadoras, de 19 fichas que temos”. De aí que a intención do coordinador deportivo sexa “animar a todas as rapazas que poidan estar interesadas a que se poñan en contacto co club e formen parte del”.

Outro exemplo máis do que significa traballar polo deporte e os seus valores é o equipo xuvenil. Julio considérao o resultado “dun grande esforzo que nos levou a formar un grupo cando xa estaba a liga empezada.” O equipo, situado no



Plantilla do Atlético de Melide xuvenil

medio da táboa de clasificación, está a asinar unha boa tempada e soña con lograr competir de novo, como xa fixo no seu día, na Liga galega. Ningún equipo da comarca

conseguiu ata hoxe competir en tal categoría.

Son pequenos pero importantes fitos para un equipo con boa canteira que comeza a exportar novos valores e pro-

mesas. Do céspede de Melide saíu Adrián, que acaba de debutar coa Selección Española de Fútbol Sub-16. Do Atlético formaron parte Luisito e Miguel Ángel, agora xogadores de terceira división co Compostela. Tamén Álex, actual cadete do Deportivo. Do equipo feminino, Paula marchou para Victoria para xogar na segunda división nacional.

“Do noso club están saíndo moitas promesas. É unha pena que non teñamos máis apoio das institucións”. As queixas veñen de Julio Mouriño e son compartidas pola directiva e os outros cinco entrenadores que están a pé de campo cos cativos compartindo as súas ilusións. O club ten un orzamento anual próximo aos 20.000 euros, “que non son nada doados de reunir. Saír adiante é unha cuestión de fé”. Os cartos necesarios para desenvolver todas as actividades obtéñense das aportacións dos socios protectores, os socios con carné, a publicidade, a lotería e unha aportación da Xunta de Galicia.

Derbi histórico

O mes de novembro de 2011 é dos que deben anotarse para o recordo, cando menos para a memoria deportiva de Melide. Non acontece cada pouco que se produza un feito histórico como é o primeiro derbi oficial entre o Atlético Melide e o Cire. Os protagonistas foron os rapaces da categoría alevín, cun resultado contundente: victoria para o Atlético por 12-2. O próximo derbi xa ten data no almanaque; será o próximo 17 de decembro ás 18:00 no campo municipal. Desta vez, na categoría de veteranos.



Alexandre Bóveda Nº 5
15800 Melide
Tlf. 900 866 972 / 902 908 737
info@redintermax.com



medicampo@terra.es
C/. Martín Freire, 5 • Tfno.: 981 505 884 • MELIDE (A Coruña)
Avda. de Lago, 61 • Tfno.: 981 500 775 • ARZÚA (A Coruña)
Avda. Coruña, 30 • Tfno.: 982 375 111 • FRÍOL (Lugo)
C/. Alcalde Esquiñeira, 32 • Tfno.: 981 786 426 • CURTIS (A Coruña)

“Fomos pioneiros en estender a movida á noite dos venres”

Francisco Javier Rodeiro naceu nunha familia de pulpeiros e criouse nun bar. Un bo día decidiu darlle saída a todo o que levaba aprendido e deu o salto ao mundo da noite para abrir en Touro o pub Katuxa. Vinte anos despois, el máis o seu fillo Manuel dirixen o Grupo Kull, empresa referente no ocio nocturno. O seu buque insignia, a Discoteca Kull da Pontecarreira, vén de celebrar con éxito o seu aniversario.

-Por que apostastes polos venres cando abristes a Discoteca Kull?

Franciso J. Rodeiro: A movida dos sábados xa estaba establecida e pensamos que era inviable que unha única sala loitara contra unha zona de movida grande. Nós fomos os pioneiros en estender a movida aos venres nesta zona, exceptuando as clásicas discotecas do entorno de Lugo.

-Outra das peculiaridades de Kull son os horarios.

F.J.R.: Si, empezamos antes

e acabamos antes. Á unha da noite a discoteca está chea e ás cinco xa marcha todo o mundo.

-Vedes posibilidade de que cambien as tendencias en canto a horarios?

Manuel Rodeiro: A xente ten xa os seus costumes establecidos e non son fáciles de cambiar.

F. J.R.: Ogallá. Evitaríamos moitos problemas. A culpa de abrir ata tan tarde non é só dos establecementos de ocio. Cando veñen multar, o máis fácil é ir ao último, á discoteca.



Francisco Javier Rodeiro e o seu fillo, Manuel Rodeiro

Non se dan de conta que as cafeterías, que teñen que pechar sobre as dúas, pechan ás catro da mañá, os sábados. Todo se vai alargando e a discoteca ten que alargar tamén para cubrir os seus gastos.

-Outra das tendencias que se observa é a de recuperar vellas discotecas, como fixestes coa da Pontecarreira.

F. J.R.: No noso caso, convencéronnos. A discoteca levaba moitos anos parada e un día púxose en contacto con nós un familiar da propietaria

do Vergel, como se chamaba antes. Coméntounos que lle dixeran que non quería morrer vendo a sala cerrada. Fomos ver o local e... ata hoxe.

-Por que escollestes Melide para abrir o voso último local, o Aloha?

M.R.: Podemos dicir que nolo pediron os clientes. Toda a xente que viña á Kull non paraba de insistirnos para que montáramos algo en Melide. Fomos para Melide e estamos moi contentos, aínda que de momento non pendamos en ningún pub máis.

Discoteca Kull celebrou por todo o alto o seu primeiro aniversario

O pasado día 31 de outubro, coincidindo coa véspera do festivo de Todos os Santos, a Discoteca Kull da Pontecarreira celebrou cunha gran festa o seu primeiro aniversario. O plato forte da noite foi a actuación en directo da orquestra Panorama, que contribuíu a que pasasen polo local máis de 2.000 persoas, rexistrando así a discoteca unha das mellores entradas dende que abriu as súas portas. Os organizadores da velada coinciden ao cualificar a festa de aniversario como “apoteósica” e sinalan que continuarán coa súa dinámica de actuacións en directo ao longo dos venres do ano. Iso, xunto coa creación de diferentes zonas no espazo interior, será a clave para manter o “éxito total” que aseguran estar colleitando.

DISCOTECA
Kull
Pontecarreira

DISCOTECA
NICOL'S
A Estrada

Grupo Kull

ALOHA
Melide

Pub LUX
Pontecarreira



Entre a resaca electoral e a economía do ben común

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

O peixe estaba todo vendido. Din que por mor da crise e dun goberno inoperante a falta de traballo está afogando a moitas familias e por iso unicamente se podía votar en clave de cambio. Os resultados indican que 10.830.693 votos foron para o partido que obtivo a maioría absoluta con 186 escanos e o resto de escanos repartíronse entre os doce partidos que obtiveron representación, cun total de 12.316.296 votos. Neste recuento non se ten en conta o case medio cento de partidos que obtiveron votos pero non representación. Quizais o caso máis elocuente sexa o de EQUO, que obtendo 215.776 votos non obtivo representación e outros con 42.411 obtiveron un representante.

Que vai ocorrer a partir de agora? Unha incerteza cargada de ilusións para os que votaron ao partido que obtivo os escanos suficientes para gobernar sen sobresaltos porque cren que se xerará traballo. Desánimo para outras moitas

persoas polos recortes anunciados e porque se cree que o novo goberno apostará pola entrada de maior capital privado na xestión de moitos servizos acuñados de ben común. O último termo exposto, ben común, refírese a un modelo alternativo ao actual, que xa sabemos que non funciona. O actual sistema artéllase no obxectivo da maximización do beneficio financeiro, recorrendo incluso a prácticas insidiosas como, por exemplo, a utilización de man de obra infantil, como vemos cada día na televisión. En cambio, levamos pouco máis dun ano escoitando feblemente, porque se aparta do poder hexemónico actual, falar da economía do ben común como unha alternativa ao modelo actual.

Neste espazo co que se me deleita non poderei explicar totalmente en que consiste este modelo, pero si podo adiantar que o beneficio financeiro é un medio do novo fin; está pensado para que reverta no ben común, por exemplo:

distribúense as ganancias entre os que crean plusvalía, invístese en melloras sociais e ecolóxicas, fanse reservas económicas, etcétera. Este modo de entender as ganancias sitúase lonxe do que se fai: distribución de ganancias entre persoas que non traballan nas empresas porque hai que pagar favores, doazóns a partidos políticos, inversións en mercados financeiros, enriquecemento duns poucos a costa duns moitos, especulación financeira, utilización das crises para facer o agosto particular, etc.

En vindeiras colaboracións tratarei de expoñer máis polo miúdo a economía do ben común. Esperemos que o novo goberno que se conformará bote un ollo a este modelo alternativo que xa hai empresas que comezaron a utilizar; aínda que haberá que esperar, como soe ser común, cen días dende a súa constitución para comezar a dicir cousas baseadas na realidade e non en conxecturas.

Do Ulla e outros... ríos

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

No país dos mil ríos e das mil primaveiras. Anllóns. Voces a expresárense nas rúas e ribeiras. Bibei. Fervenzas de palabras a reivindicar o dereito a existir, a vivir na randea do futuro. Catasol. Enxurrada de voces a bater nas conciencias. Deza. Leitos espídos. Eume. Indiferencia dunhas institucións que, máis dunha vez, amosan a súa complicidade e ineficacia. Furelos. Berro que procura solucións á situación crítica na que se achan.

Os ríos precisan con urxencia medidas dirixidas a cortar os focos contaminantes e degradantes. Grande. Precisan ser recuperados para o goce da cidadanía e ser liberados da arañeira de intereses que os asfixian. Hedrada. Porén, o goberno galego tira de normas que procuran a soidade dos mesmos. Iso. Pola contra, a sociedade civil amosa un forte compromiso denunciando as agresións. Lagares. Xa fora con campañas de limpeza de leitos. Velaí as actua-

cións de distintas asociacións de troiteiros. Madalena, Navia, Oitavén. Xa fora co traballo realizado por voluntarios do Proxecto Ríos. Oribio, Parga, Quenxe, Rato, Roca, Sar, Sarria. Os ríos, a lingua, letras da república do noso abecedario que percorren fervenzas e meandros, Tambre, Umia, Viñao, Xubia, Zas, procurando mil primaveras para os nosos ríos.

Hai uns anos, de regreso do Ulla a Melide, acompañado por un amigo de vello, descubrí nas súas palabras como se (non) planificaron as solucións aos problemas que provocarían os encoros no futuro. Souben que no franquismo, cando ergueron eses muros que cortaron os leitos dos ríos, sabían que tiñan trinta anos de vida útil e que os lodos acumulados serían un grave problema a resolver. Porén, non dispuxeron solución ningunha. Seica resultaban moi caras. E do Ulla ese desprezo. Agora Endesa, Villar Mir, Fe-

nosa... cando se atopan ante a Xustiza para que restituán aos ríos o caudal de auga captado de xeito abusivo durante 50 anos ou máis, presentan un proxecto "ambiental" que ameaza con danos moi severos ao seu ecosistema, rexeitando a proposta de retirar os lodos que afogan as comportas. E do Ulla ese desprezo. E protesto.

Se cadra, a alternativa de expropiar os encoros construídos baixo a protección do franquismo, agora que os investimentos privados realizados están xenerosamente recuperados, debería ser estudada polos políticos. Velaí estamos fitándonos. Eu, desde estes escanos que pisou, un día si e outro tamén, O Marmolista para acender a cabicha que guiaba os seus pasos para voltar do Furelos á casa. E o Furelos, mergullado nun horizonte infindo, acollendo no seu colo a un Catasol rebuldeiro, a un Martagona sobranceiro, un Vilamor xarelo e un Capela zarrapicoso.

Soa de novo a Banda de música de Visantoña

Xosé Núñez López

Pois si, a Banda de Música Popular de Visantoña-Santiso soa de novo. Esta vez máis ca nunca, porque soa nos medios de comunicación e soa tamén onde adoitaba facelo, no local de ensaio. Aí é onde convén que o faga, como fixeron músicos e directores durante máis de 134 anos, ca mesma forza de vontade e ilusión.

Despois dunha tempada sen actividades por falta de director, fíxose cargo da súa dirección un xoven músico de 21 anos chamado Santiago García Mella. A interrupción de actividades da banda non afectou para nada á marcha da escola de música. Lonxe diso, este curso incluso aumentou nunha decena o número de alumnos e de especialidades impartidas. A nova xunta directiva da Asociación Cultural de Visantoña sabe que se hai escola de música, hai bandas, hai orquestras, hai charangas

e hai gaiteiros na nosa terra.

Este pequeno intervalo de tempo sen actividade non lle priva á Banda de Visantoña do importante mérito que ten. Acadou o fito de ser unha das máis antigas Bandas de Música de Galicia, e sendo quizais unha das que menos axudas recibiu por parte das institucións. Nunca se desfixo e tanto nesta coma noutras ocasións semellantes, os músicos sempre estiveron aí presentes, dispostos e só esperando a que alguén collera de novo a batuta para dirixilos.

Unha etapa remata e vólvese emprender outra nova con maior forza e ilusión, tal como ocorreu ata agora en situacións semellantes. É de desexar que esta acade a lonxevidade e os froitos positivos das que a precederon.

(Xosé Núñez López é presidente de honra da Banda-Escola de Música de Visantoña)

Motivos para usar software libre nas empresas

Rafael Rodríguez Gaiosio,
enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

3. A liberdade

Cando unha empresa decide utilizar un programa informático con licenza privativa, queda 'presa' das decisións comerciais e técnicas que decida o seu provedor. Nada lle impide a este provedor modificar as condicións, o prezo do soporte, as prioridades ou o calendario das actualizacións. Sempre estaremos sometidos a ese provedor, e non teremos a liberdade de cambiar cara a outro que nos ofrezca mellores condicións.

Ademais disto, toda aquela información que imos xerando con ese programa, normalmente, será gardada cun formato que só a empresa provedora pode manexar, e non será posible exportala a outros programas. Isto non fai máis que aumentar a nosa dependencia do fabricante do software. Pola contra, cando unha empresa decide utilizar software libre, sempre ten o control para tomar as súas propias decisións, e facer o que queira co seu software. Ten a liberdade de poder escoller entre varios provedores, os

cales competirán en igualdade de condicións, e os que ofrezan mellor servizo serán capaces de conseguir maior número de clientes. Ademais, ten a liberdade de recuperar todos os seus datos.

Desgraciadamente, moitos negocios teñen sufrido en primeira persoa unha situación na que a empresa provedora do seu software finaliza a súa actividade, ou deixa de dar soporte nese programa concreto. Neste momento é cando se dan de conta de que non son donos do seu aplicativo, e o peor de todo, tampouco dos seus datos, un dos maiores valores que ten calquera empresa.

Polo tanto, o noso consello é que cando teña que tomar a decisión de implantar unha solución informática no seu negocio, pregunte ao seu provedor pola liberdade que ofrece no caso de que nalgún momento desexe utilizar outra solución diferente.

Para máis información e resolución de dúbidas:

<http://webmelisa.es-info@webmelisa.es>

M^a FÉ SÁNCHEZ ASCARIZ , LENCERÍA BERENCELLO

“A xente cambiou e gústalle cada vez máis ir ben vestida por dentro”

É unha muller que naceu para estar detrás dun mostrador. Recoñéceo ela mesma mentres empaqueta un xustillo na caixa e conta o mal que o pasou durante un período de convalecencia; botava de menos o trato coa xente. Os problemas de saúde fixeron que M^a Fé Sánchez Ascariz tivese que dei-

xar a carnicería na que levaba nove anos traballando, pero o seu espírito emprendedor levouna a embarcarse nunha aventura ben diferente. Un ano despois de abrir a súa nova tenda, o mundo da lencería xa non ten ningún segredo para ela. Iso sí, aínda a sorprende que se vendan tantos corpiños.

-O nome da súa tenda é moi orixinal. Como se lle ocorreu?

-Chámalle a atención a moita xente. Ás miñas fillas máis a min gustábanos que a tenda tivese un nome galego. Buscamos en internet e escollemos tres. Entre eles estaba berencello, que é a atadura que se lle fai ao feixe de liño despois de arrincalo. Era unha palabra que se usaba moito na miña casa. Gustounos e así quedou, xa non hai quen o cambie.

-Tamén foi cousa das súas fillas que se decidise a abrir unha tenda propia?

A verdade é que me animaron moito. A tenda foi o resultado da ilusión e das circunstancias do momento. Por unha parte sempre me gustou a idea de ter unha tenda miña. Por outra, tiven problemas de saúde que me obrigaron a deixar a carnicería na que levaba nove anos. Ademais, cando chegas a unha certa idade, aquí hai poucas posibilidades de traballar. A onde vas?

-E non lle temeu á crise?

Advertíume moita xente. En Melide xa case non quedaba ningunha tenda de lencería e iso animoume. Poida que fose unha decisión precipitada, pero saíu ben. Xa hai un ano que abrí e de momento o balance é moi positivo.

-Tampouco lle temeu á competencia das grandes superficies?

A iso si que non, porque estou convencida de que se unha persoa quere calidade, aposta polo pequeno comercio. No meu caso traballo marcas boas que non atopas na maioría dos centros comerciais con grandes ofertas. Esa é a nosa vantaxe. O trato directo e a



M^a Fé na súa tenda O Berencello, na Rúa do Convento

atención tamén inflúen moito.

-Vexo que ten claro o enfoque do negocio.

Interésame meterme nesa liña; ter produtos que non se poidan atopar con facilidade noutro sitio, aínda que logo tes que ter un pouco de todo, obviamente. Por exemplo aquí en Melide hai certas marcas de lencería que só as teño eu. Tamén traballo moito as tallas grandes, que en xeral son bastante difíciles de atopar no mercado. A xente que as necesita xa ven aquí directamente porque sabe que as vai atopar.

-É máis importante vender calidade ou saber vender o produto?

Saber vender vale moito, pero a calidade é fundamental. Se eu che vendo unha prenda que

che parece cara pero é boa, á larga volve a mercar outra porque che deu bo resultado.

-Coidas moito o escaparate?

Si, para min é unha das cousas máis importantes. É fundamental que o cliente vexa o que tes. Sempre poño no escaparate os produtos máis novos. Ás veces a xente ao falar de lencería pensa nunha braga e un suxeitador pero engloba moito máis e o cliente merca de todo. Por exemplo, nunca pensei que se ían vender os corpiños e véndense moito.

-Están cambiando os gustos?

Si, houbo unha evolución. Eu noto que agora á xente lle gusta ir ben vestida por dentro. Hai quen gasta tanto para

vestirse por dentro coma por fóra, e necesítalo para sentirse ben.

-Custouche moito afacerte a isto, tendo en conta que era un ámbito no que non tiñas experiencia?

Custoume un pouquiño, si, sobre todo cos pedidos. Eu estaba acostumada a pedir hoxe e ter a mercancía na tenda ao día seguinte. E agora compro no verán para o inverno e no inverno para o verán. Cústame porque non me dou controlado nas vendas. O primeiro ano non sabes o que vas vender e non quero mercar en exceso pero tampouco quero quedar sen prendas! (Ri)

-Participaches na pasarela Melide Moda. Que tal a experiencia?

“Traballo as tallas grandes, as marcas boas e os produtos que son difíciles de atopar”

“É importante que o comercio de Melide abra os domingos. Dálle moita vida ao pobo ”

Encantoume. Non houbo unha soa persoa que me dixera que estivo mal. Para min foi unha novidade porque nunca participara nun evento desas características. Oxalá se poida facer todos os anos. Sería moi importante para Melide porque aquí vivimos do comercio e por iso hai que dalo a coñecer. Ata aquí achégase moita xente para mercar; é algo que podemos ver todos os domingos.

-O domingo é, sen dúbida, o día por excelencia para o comercio melidense.

Abrir os domingos é importante. Dálle moita vida ao pobo. Eu non podo dicir que houbera un domingo no que non me valera a pena abrir a porta. Compensa pechar un sábado, pero non un domingo.

SOBRADO DOS MONXES
A CORUÑA

INAUGURACIÓN

SUPERNOVA

D I S C O T E C A

Viernes 16 Diciembre

David Civera

